

RELACIÓN DE ACORDOS ADOPTADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 8 DE OUTUBRO DE 2015

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 10/2015, do 11 de setembro.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia da nº 19101 á nº 21600, de 2015.

3.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes:
Nº19141, do 4 de setembro, nº 20014, do 15 de setembro e nº 20816, do 26 de setembro, sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

4.-Proposición da Presidencia sobre a interposición de recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 01.09.2015, recaída no recurso PO 186/2013, interposto por don Luis Jaime Rodríguez Fernández, sobre acordos en materia de persoal.

Comisión de Deportes e Mocidade

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Racing Club Ferrol para financiar a “ESCOLA DEPORTIVA: promover, difundir e apoiar o fútbol base”.

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación EMALCSA, para a cooperación e axuda na celebración da Copa do Rei de baloncesto en 2016.

Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

8.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación de Editores Coruñeses para financiar a actividade: “Documental e exposición sobre “A edición histórica na Coruña”.

9.-Aprobación do convenio de colaboración coa Asociación de Clubs náuticos de Galicia ASNAUGA para financiar o “Plan de actuación encamiñado á consolidación e potenciación do sector turístico náutico na provincia da Coruña.

10.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Muros para financiar o “Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2015”.

11.Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para financiar o “XII Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto 2015”.

[12.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Santiago de Compostela para financiar o “sostemento do Centro sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015”.](#)

[13.-Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Vimianzo para financiar a “XXII Mostra de Artesanía en Vivo 2015”.](#)

[14.-Aprobación do convenio de colaboración co Consorcio para la Promoción de la Música para financiar a “Tempada lírica 2015. Xaneiro a xuño”.](#)

[15.-Aprobación do convenio de colaboración coa Fundación Paideia Galiza para financiar o “Programa de actividades culturais: Programa Outra+Outra 2015”.](#)

[16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2015.](#)

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

[17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar o “Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2015. Accións informativas e formativas”.](#)

Comisión de Promoción Económica e Emprego

[18.-Aprobación da autorización do Expediente de modificación de créditos 1/2015 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.](#)

[19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra Eume e Ortegá \(COFER\) para financiar o proxecto “Actividades 2015”.](#)

[20.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Asociación Euroeume para financiar o proxecto “Produtos do Eume”.](#)

[21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Confraría de pescadores de Lira para financiar o proxecto “Seguimento científico que se leva a cabo na xestión da reserva mariña de interese pesqueiro dos Miñarzos”.](#)

[22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e Federación de Empresarios do Barbanza para financiar o proxecto “Plan de Formación Barbanza”.](#)

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

[23.-Aprobación técnica dos proxectos das obras da Programación de investimentos de estradas provinciais 2015-2019, primeira fase.](#)

[24.-Aprobación inicial da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015.](#)

[25.-Aprobación inicial da cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015.](#)

[26.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2015, cuarta fase.](#)

[27.-Aprobación do proxecto complementario nº 1 da obra “Mellora da seguridade viaria na intersección da DP 1704 coa DP 0102 \(Cambre\), PK 2+ 190 ao PK 2+340”, do Plan de conservación de vías provinciais 2014, terceira fase, e a súa inclusión no Plan de conservación de vías provinciais 2015, co código 2015.1100.0035.0.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia aos Concellos e Normalización Lingüística

[28.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2016.](#)

[29.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan de acción social \(PAS\) 2015](#)

[30.-Aprobación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento \(PAI\) 2015](#)

[31.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Ampliación da rede de abastecemento de auga potable en Lubre” do Concello de Ares, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) adicional 1/2014 co código 14.2101.0303.0.](#)

[32.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparación da beirarrúa da marxe dereita da AC-564”, do Concello da Capela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2015, co código 15.2100.0041.0.](#)

[33.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Camiño da Cruz Encarnada, Vilarelle a Vilela e de Vilela a Felqueira \(A Barqueira\) e outros” do Concello de Cerdido, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2105 co código 15.2100.0055.0.](#)

[34.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora do saneamento na rúa Unión \(Maniños\)”, do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2015 co código 15.2100.0077.0 e aprobación definitiva da obra.](#)

[35.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Ampliación da rede de sumidoiros en San Xián de Sales e outro”, do Concello de Vedra, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(POS\) 2015 co código 15.2100.0224.0.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[36.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar o Máster en Dereito: Especialidade en Estudos sobre a Unión Europea 2014-2015.](#)

[37.-Aprobación inicial do expediente de desafección parcial do Centro Calvo Sotelo e aprobación inicial de cesión de uso á Universidade da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria. Aprobación convenio de cesión de uso.](#)

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

[38.-Informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/08/2015 e proxección a 31/12/2015.](#)

[39.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de agosto.](#)

[40.-Dar conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2016.](#)

[41.-Dar conta das actuacións de control financeiro respecto dos expedientes aos que se refire a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego no Pleno do 31 de outubro de 2014.](#)

[42.-Aprobación do expediente de modificación de crédito núm. 4/2015 e da modificación das bases de execución do orzamento.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

-Moción do Grupo Popular para a promoción do leite galego na nosa provincia

ROGOS E PREGUNTAS

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/2015, DO 11 DE SETEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 10/2015, do 11 de setembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 19101 Á Nº 21600, DE 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19101 á nº 21600, de 2015.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SEGUINTE:

Nº19141, DO 4 DE SETEMBRO, Nº 20014, DO 15 DE SETEMBRO E Nº 20816, DO 26 DE SETEMBRO, SOBRE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL PARA REALIZAR FUNCIÓN SINALADAS LEGALMENTE COMO DE CONFIANZA E ASESORAMENTO.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Número 19141, do 4 de setembro sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

Número 20014, do 15 de setembro sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

Número 20816, do 26 de setembro sobre nomeamento de persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

4. PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE APELACIÓN CONTRA A SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DA CORUÑA, DO 01/09/2015, RECAÍDA NO RECURSO PO 186/2013, INTERPOSTO POR DON LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, SOBRE ACORDOS EN MATERIA DE PERSOAL

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Pola representación procesual de don Luis Jaime Rodríguez Fernández interpúxose recurso contencioso administrativo contra o acordo plenario de data 13/09/2013, polo que se aprobaba definitivamente a modificación do persoal e a relación de postos de traballo para 2013, consonte á provisión polo sistema de libre designación da xefatura do servizo de contratación, así como contra a resolución da Presidencia, de data 14/09/2013, pola que se lle asigna ao recorrente o posto de xefatura de Servizo de Patrimonio.

Aquendado de repartición, correspondeulle coñecelo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña e foi tramitado como autos de PO nº 186/2013.

Por resolución da Presidencia nº 17.001, de data 24/09/2013, dispúxose a comparecencia desta Deputación provincial no PO 186/2013, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, interposto por don Luis Jaime Rodríguez Fernández, sobre persoal. Da devandita resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno con data do 03/10/2013.

Por acordo plenario desta Deputación Provincial, de 28/03/2014, acordouse ratificar a anterior resolución da Presidencia nº 17.001, de data 24/09/2013.

Nos mencionados autos foi ditada sentenza o 01/09/2015, pola cal o órgano xurisdiccional estimou o recurso, sinalándose na parte dispositiva o seguinte:

“Que debo estimar o recurso contencioso administrativo interposto por Don Luis Jaime Rodríguez Fernández representado polo letrado Sr. Hernández contra a Deputación provincial da Coruña representado polo letrado da Deputación Provincial da Coruña sobre persoal declarando a nulidade da resolución recorrida e en consecuencia deixar sen efecto a RPT canto á división de servizos de patrimonio e contratación con mantemento de acceso á Xefatura de Servizo por concurso repóndolle ao recorrente as funcións que tiña asignadas.”

O 21/09/2015 emitiu o informe nº 175/2015 o letrado-asesor xurídico.

Á vista da sentenza ditada, previo informe, con proposta de resolución do letrado-asesor xurídico da Corporación e por resolución desta Presidencia nº 2015/20635, de data 23/09/2015, dispúxose:

“1º Non recorrer a sentenza no que se refire á resolución do presidente da Deputación de 14/09/2013.

2º Interpoñer recurso de apelación contra a sentenza de 01/09/2015, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, no que se refire á resolución do Pleno da Deputación do 13/09/2013.

3º Darlle conta ao Pleno da presente resolución na primeira sesión que se celebre.”

Da mencionada resolución tomou coñecemento a Xunta de Goberno con data 02/10/2015.

Á vista do anterior e a teor do disposto no art. 34.1.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

PROPÓNILLE AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a resolución da Presidencia nº 2015/20635, de data 23/09/2015, no seu apartado dispositivo 2º polo que se dispón a interposición de recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos da Coruña, de data 01/09/2015, recaída no recurso PO 18672013, interposto por don Luis Jaime Rodríguez Fernández, sobre acordos en materia de persoal.

5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN RACING CLUB FERROL PARA FINANCIAR A “ESCOLA DEPORTIVA: PROMOVER, DIFUNDIR E APOIAR O FÚTBOL BASE”.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de setembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Racing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30.000€, para financiar a “ESCOLA DEPORTIVA: promover, difundir e apoiar o fútbol base” cun orzamento subvencionado de 37.750 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Racing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a “ESCOLA DEPORTIVA: promover, difundir e apoiar o fútbol de base”

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Isidoro Silveira Cameselle, presidente da Fundación Racing Club Ferrol

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e, nomeadamente, con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que a Fundación Racing Club Ferrol é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Racing Club Ferrol, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Racing Club Ferrol (CIF: G15884257) para financiar a “ESCOLA DEPORTIVA: promover, difundir e apoiar o fútbol de base”.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

A Fundación Racing Club Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo	2.000,00 €
Material de oficina	250,00 €
Material farmacéutico	250,00 €
Arrendamentos e canons	2.500,00 €
Transportes	20.000,00 €
Primas e seguros	1.700,00 €
Subministracións	100,00 €
Limpeza e mantemento do campo	1.900,00 €
Soldos e salarios do persoal non deportivo	7.200,00 €
Seguridade Social	1.850,00 €
Total	37.750,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,47%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,47%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata

acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos) cando a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Racing Club Ferrol. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin coa Fundación Racing Club Ferrol ou calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Racing Club Ferrol deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Racing Club Ferrol tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Racing Club Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Racing Club Ferrol unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Fundación Racing Club Ferrol xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade-promover, difundir e apoiar o fútbol de base.-". Con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Racing Club Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Racing Club Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Racing Club Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Racing Club Ferrol na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, á Fundación Racing Club de Ferrol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A Fundación Racing Club Ferrol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaráa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Fundación Racing Club Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Racing Club Ferrol deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Racing Club Ferrol poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Racing Club Ferrol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a

sanción imponse no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Racing Club Ferrol serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Racing Club Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación Racing Club Ferrol realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos presidentes da Deputación e da Fundación Racing Club Ferrol, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB BASQUET CORUÑA PARA FINANCIAR O CRECEMENTO BASQUET CORUÑA: PROXECTO BALONCESTO PARA TODOS.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 22 de setembro de 2015.

2.- Aprobar o convenio co Club Basquet Coruña correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 65.000 €, para financiar o crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos cun orzamento subvencionado de 81.250 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Juan Carlos Fernández Herrero, presidente do Club Basquet Coruña

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e, nomeadamente, con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que o Club Basquet Coruña é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Basquet Coruña (CIF: G15565054) para financiar o Crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria

O Club Basquet Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal de dirección e coordinación do proxecto	14.000,00 €
Monitores do programa de promoción do baloncesto	10.000,00 €
Monitores do programa educativo e social	5.000,00 €
Monitor de preparación física	5.000,00 €
Seguridade Social	12.000,00 €
Servizos profesionais	2.000,00 €
Material deportivo (equipacións, balóns)	7.000,00 €
Premios	1.000,00 €
Gastos de desprazamento e axudas de custo	15.000,00 €
Póliza de seguros	1.250,00 €
Gastos xerais	9.000,00 €
Total	81.250,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 65.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Club Basquet Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin ao Club Basquet Coruña nin a calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, ao Club Basquet Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o Club Basquet Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Basquet Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Basquet Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as páxinas), subscrita polo representante legal do Club Basquet Coruña xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade -crecemento Basquet Coruña: Proxecto baloncesto para todos-. Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitírselle á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, rematarán o día 31 de decembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Basquet Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Basquet Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Club Basquet Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 59.2ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Basquet Coruña na documentación achegada. E, se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que o Club Basquet Coruña tivese cobrado o importe que lle corresponda, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Basquet Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e depois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse, ben mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Club Basquet Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Basquet Coruña deberá contar, polo menos, cun rexistro

cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Basquet Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Basquet Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Basquet Coruña serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Basquet Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Club Basquet Coruña realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polos presidentes da Deputación e do Club Basquet Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA, PARA A COOPERACIÓN E AXUDA NA CELEBRACIÓN DA COPA DO REI DE BALONCESTO EN 2016.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de setembro de 2015.

2.- Aprobado o Convenio co Concello da Coruña e a Fundación EMALCSA para a cooperación e axuda na celebración da Copa do Rei de Baloncesto en 2016, cunha achega máxima de 605.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva do EMC 4/2015 polo Pleno e ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN EMALCSA, PARA A COOPERACIÓN E AXUDA NA CELEBRACIÓN DA COPA DO REI DE BALONCESTO EN 2016

A Coruña, 2015

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en virtude do seu cargo e das atribucións que lle confire o art. 34-11 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e

D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde-presidente do Concello da Coruña, que actúa en virtude do seu cargo e das facultades que lle confiren os artigos 25.2 k) e 124 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e presidente da Fundación Emalcsa, en virtude do seu cargo e das funcións representativas que lle atribúe o art. 18 dos seus Estatutos.

Actúan cada un deles en razón dos seus respectivos cargos e da representación que teñen, recoñecendo mutuamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio e, para ese efecto

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB), entidade organizadora da Copa do Rei de Baloncesto, na súa Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o pasado día 26 de

novembro en Barcelona, aprobou a concesión da sede da Fase Final da 80ª Copa de S.M. o Rei á cidade da Coruña.

2.- Que o Concello da Coruña e a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB) formalizaron o 22 de xullo de 2014, un Protocolo de Intencións no que se recollen os compromisos da colaboración do Concello da Coruña para a celebración do citado evento.

Este Protocolo de Intencións concretouse no Acordo subscrito o pasado 10 de febreiro de 2015 entre o Concello da Coruña, a Fundación Emalcsa e a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB).

3.- Que a Deputación Provincial da Coruña manifestou, igualmente, o seu interese en realizar as accións necesarias para colaborar na celebración deste evento, a través do Protocolo de Intencións subscrito o 12 de xaneiro de 2015, co Concello da Coruña e coa Fundación Emalcsa.

4.- Que a Fundación Emalcsa (CIF G70323688) foi constituída pola entidade mercantil Empresa Municipal de Augas da Coruña S.A. -EMALCSA- cuxo capital é integramente municipal, en escritura pública outorgada na Coruña, o 17 de febreiro de 2012, ante o notario José Guillermo Rodicio Rodicio, co número de protocolo 284, modificada por outra outorgada tamén na Coruña, o 2 de abril de 2012, ante o notario Isidoro Antonio Calvo Vidal, con número de protocolo 385.

A clasificación SEC da Fundación é: sector das administracións públicas (S.13).

De acordo co art. 6 dos seus estatutos, esta Fundación ten entre os seus obxectivos a promoción, o desenvolvemento e o fomento do deporte, así como a promoción do deporte de alto nivel en relación coa repercusión dos seus valores positivos e os beneficios económicos e turísticos que poida achegar á cidade da Coruña e, en xeral, á Comunidade Autónoma de Galicia, para iso pode participar e colaborar na realización de competicións nacionais e internacionais.

5.- Que, en cumprimento destas previsións estatutarias, o Padroado da Fundación Emalcsa, en sesión celebrada do 17 de decembro de 2014, aprobou, por unanimidade dos patróns presentes, o seguinte acordo: "Aprobar a subscrición dun convenio co Concello da Coruña e a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB) para a celebración na Coruña da fase final da Copa de Baloncesto de S.M. O Rei no ano 2016, cunha achega da Fundación Emalcsa dun millón de euros máis o IVE correspondente, e asumir a xestión económica correspondente ao canon do evento. Aprobar así mesmo a subscrición de convenios coa Deputación Provincial da Coruña e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, para o cofinanciamento por parte das devanditas entidades da citada cantidade dun millón de euros."

6.- Que, de acordo co Pacto Quinto-Canon, do Acordo subscrito o pasado 10 de febreiro de 2015 entre o Concello da Coruña, a Fundación Emalcsa e a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB), o pagamento do canon de designación será efectuado pola Fundación Emalcsa.

7.- Que, co obxecto de establecer as condicións da citada colaboración, as partes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña e a Fundación Emalcsa para cooperar economicamente no desenvolvemento da celebración da Fase final da 80ª Copa de S.M. o Rei de Baloncesto.

A sede da 80ª edición da Copa de S.M. o Rei de Baloncesto será a cidade da Coruña, onde se disputarán os catro encontros de cuartos de final, os dous de semifinais e a final, nas instalacións do Coliseum da Coruña.

As datas de celebración da Fase final da 80ª Copa de S.M. o Rei, de baloncesto determinaranse no calendario oficial da tempada 2015/2016, que aprobará a Asemblea Xeral da Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB).

SEGUNDA.- De acordo co Pacto Quinto.- Canon, do Acordo subscrito entre o Concello da Coruña, a Fundación Emalcsa e a Asociación de Clubs de Baloncesto (ACB), do 10 de febreiro de 2015:

A Fundación Emalcsa aboará á ACB en concepto de canon de designación como SEDE da Fase Final da 80ª Edición da Copa de S.M., o Rei, a cantidade de 1.000.000 € (un millón de euros) máis IVE.

A cantidade sinalada na presente cláusula será aboada contra factura nos prazos seguintes:

A) 50% antes do 30/06/2015

B) 50% antes do 30/03/2016

TERCEIRA.- A Deputación Provincial da Coruña, como entidade colaboradora no citado evento, para darlle cumprimento ao seu compromiso de financiamento, tal e como puxo de manifesto no Protocolo de Intencións formalizado o 12 de xaneiro de 2015, financiará nun 50% a cantidade correspondente ao importe do canon económico máis IVE, o que supón unha achega de 605.000 €, que serán aboados en dúas anualidades.

Para estes efectos, habilitou crédito na aplicación orzamentaria 0612/341.1/46201, por importe 400.000 €, correspondente ao primeiro prazo de pagamento e, así mesmo, comprométese a habilitar o crédito correspondente ao segundo prazo de pagamento, por importe de 205.000 €.

CUARTA.- O Concello da Coruña entregaralle á Deputación Provincial da Coruña 50 aboamentos gratuítos (20 en Zona VIP e preferente con dereito a cátering e 30 aboamentos non preferentes), cunha antelación mínima de 15 días ao comezo do evento.

QUINTA.- A imaxe corporativa do evento e todos os materiais promocionais deberán incorporar a imaxe institucional da Deputación Provincial da Coruña como entidade colaboradora, que deberán ser acordados coa Deputación nos termos da cláusula 11

do convenio entre o Concello da Coruña, a Fundación Emalcsa e a ACB, do 10 de febreiro de 2015.

SEXTA.- A Deputación Provincial da Coruña aboaralle á Fundación Emalcsa o importe da achega provincial, que ascende a un total de 605.000 €, da seguinte forma:

Primeiro prazo de pagamento: 400.000 €.

Este importe aboarase, unha vez formalizado o presente convenio en documento administrativo, logo da presentación da seguinte documentación por parte da Fundación Emalcsa:

- * certificación do pagamento e xustificante da transferencia bancaria efectuada á ACB
- * copia compulsada da factura polo importe aboado

Segundo prazo de pagamento: 205.000 €

Este importe aboarase, unha vez aprobado o Orzamento da Deputación Provincial da Coruña para 2016, logo da presentación da seguinte documentación por parte da Fundación Emalcsa:

- * certificación do pagamento e xustificante da transferencia bancaria efectuada á ACB
- * copia compulsada da factura polo importe aboado

En todo caso, o segundo prazo de pagamento quedará condicionado á aprobación definitiva do Expediente de Modificación de Créditos nº 4/2015, polo Pleno da Corporación Provincial.

SÉTIMA.- A Fundación Emalcsa obrígase a comunicarlle á Deputación Provincial da Coruña a obtención de calquera outra axuda ou colaboración, pública ou privada, para o aboamento do canon a que se refire o presente convenio.

En ningún caso a suma das axudas finalistas por este concepto obtidas pola Fundación poderá superar o importe total do canon.

OITAVA.- Unha vez finalizada a Fase final da 80ª Copa de S.M. o Rei de Baloncesto, a Fundación Emalcsa remitiralle á Deputación Provincial da Coruña unha memoria que conterá, como mínimo: a descrición das actividades realizadas, tanto a propia competición, como as actividades paralelas deportivas e culturais, estimación de asistentes, estimación do retorno económico e acreditación do cumprimento das obrigas establecidas nas cláusulas cuarta e quinta.

O prazo para a presentación desta memoria será de dous meses desde a finalización do evento e poderá ser ampliado mediante solicitude da Fundación Emalcsa por causa xustificada.

NOVENA.- A falta de presentación da documentación xustificativa establecida nas cláusulas sexta e oitava ou o incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá levar a obriga do reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao Concello e á Fundación Emalcsa.

DÉCIMA.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

A imposibilidade sobrevinda de cumprir o fin

A subscrición dun novo convenio que substitúa o presente

O incumprimento grave acreditado por unha das partes

O mutuo acordo das partes

UNDÉCIMA.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse desde o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento da Deputación Provincial da Coruña para 2016.

Por solicitude dunha das partes, realizada polo menos antes do 31 de outubro de 2016, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes, logo dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

DUODÉCIMA.- Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

TRIXÉSIMA.- A resolución dos conflitos que puidesen xurdir con motivo do presente convenio corresponderanlle á xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.”

8. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE EDITORES CORUÑESES PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE DOCUMENTAL E EXPOSICIÓN SOBRE A EDICIÓN HISTÓRICA NA CORUÑA

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Asociación de Editores Coruñeses correspondente á subvención nominativa, por importe de 12.000 €, concedida para financiar a actividade Documental e exposición sobre a edición histórica na Coruña cun orzamento subvencionado de 18.150,73 €, de acordo co texto que se achega.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Editores Coruñeses para financiar a realización da actividade Documental e exposición sobre a edición histórica na Coruña

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Xan Arias-Andreu Rodríguez, presidente da Asociación de Editores Coruñeses

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1. A Asociación de Editores Coruñeses é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa editores profesionais da provincia da Coruña.

2. Esta entidade foi creada no ano 2014 co obxectivo de fomentar proxectos e actividades que contribúan á promoción da lectura, á difusión do libro e á modernización, fortalecemento e mellora da industria editorial.

3. Incidindo no anteriormente exposto e, con motivo da celebración da Xornada da Edición que terá lugar o 17 de decembro, a Asociación de Editores Coruñeses estreará un documental e inaugurará unha exposición sobre a edición histórica na Coruña.

4. Despois de ver o proxecto presentado e o seu interese para o desenvolvemento da cultura do libro na provincia, o Pleno da Corporación, acordou incluír no Orzamento

2014 o crédito destinado ao seu financiamento, que foi incorporado ao EMC 6/2014. Deste xeito, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Editores Coruñeses (NIF: G70411145) para financiar actividade Documental e exposición sobre “A edición histórica na Coruña” co seguinte contido:

Realización dun documental que, baixo a denominación “A Edición Histórica na Coruña” fai un repaso polos fitos da edición na cidade e a súa área metropolitana dende a súa orixe até os nosos días.

Inauguración, o 17 de decembro, dunha exposición no centro Ágora da Coruña, con posterior itinerancia en Betanzos, como complemento ao documental, que estará composta por 16 paneis con ilustracións complementadas con textos explicativos con función didáctica.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A Asociación de Editores Coruñeses desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Documental

Orixinais:	1.300,00 €
Persoal artístico:	582,34 €
Persoal técnico:	4.190,00 €
Equipamento:	1.220,00 €
Gastos de produción:	300,00 €
IVE 21%:	1.594,39 €
Total:	9.186,73 €

Exposición

Deseño e maquetación:	2.380,16€
Impresión:	2.578,50,-
Comisariado:	1.157,02 €
Transporte e montaxe:	1.292,58 €
IVE: 21%	1.555,74 €
Total:	8.964,00 €

Total gastos: 18.150,73 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 12.000 €, o que representa unha porcentaxe do 66,113 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre que a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 66,113% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Editores Coruñeses obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade correspóndelle á Asociación de Editores Coruñeses.

Autorízase a contratación da realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Editores Coruñeses, de conformidade coa solicitude presentada pola entidade e segundo o previsto no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 68 do Regulamento, RD 887/2006, de 21 de xullo.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Editores Coruñeses deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Editores Coruñeses.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Editores Coruñeses unha vez que presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Editores Coruñeses, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Editores Coruñeses deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de outubro de 2015.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Editores Coruñeses para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de editores Coruñeses da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Editores Coruñeses na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Editores Coruñeses terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Asociación de Editores Coruñeses deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Editores Coruñeses destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só

excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Editores Coruñeses deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Editores Coruñeses poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Editores Coruñeses queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co

límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Editores Coruñeses seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Editores Coruñeses será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2015 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de setembro de 2014.

2. Previa solicitude da Asociación de Editores Coruñeses, realizada, polo menos, un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e, para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas, aplicaráselle as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E, en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CLUBS NÁUTICOS DE GALICIA ASNAUGA PARA FINANCIAR O PLAN DE ACTUACIÓN ENCAMIÑADO Á CONSOLIDACIÓN E POTENCIACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO NÁUTICO NA PROVINCIA DA CORUÑA

1. Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios encóntranse recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda resolta a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de abril de 2015.

2. Aprecianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3. Aprobar o convenio de colaboración coa Asociación Clubs Náuticos de Galicia (ASNAUGA), CIF G-15916547, para o financiamento do proxecto Plan de actuación encamiñado á consolidación e potenciación do sector do turismo náutico na provincia da Coruña, cuxo orzamento estimado de gastos ascende a 25.010,60 €, cunha achega de 20.000,00 €, que supón un coeficiente de financiamento do 79,96 %.

4. Imputar a achega provincial ao documento contable RC núm. de operación 220150021046, da Partida 0510/432.1/481, do vixente Orzamento Xeral para 2015.

5. Facultar ao presidente da Corporación para a formalización e execución do convenio.

“Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Don Javier Ruíz de Cortazar Díaz, con DNI núm. 33 238 852 B, en representación da Asociación Clubs Náuticos de Galicia.

MANIFESTAN

1. Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia consideran de gran interese para a provincia dotar de ferramentas os clubs náuticos como potenciadores de eventos deportivos e de turismo náutico, xa que son as únicas institucións en Galicia que realizan un labor social, deportivo e náutico en

formación e en eventos deportivos, que permite que se potencie a actividade económica e de ocio na nosa Comunidade.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, CIF G15916547, para o financiamento do proxecto Plan de actuación encamiñado á consolidación e potenciación do sector turístico náutico na provincia da Coruña.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación de Clubs Náuticos de Galicia levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE	
ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	3.254,00 €	
Persoal e colaboradores	2.324,00 €	
Gastos de xestión, alugueiro e administración	930,00 €	
ESTUDO DE INSTALACIÓNS CLUBS	8.508,60 €	
Visitas a instalacións e diagnóstico previo	1.276,29 €	
Desenvolvemento e elaboración da base documental	3.828,87 €	
Redacción e presentación dun informe-estudo final	2.127,15 €	
Proposta de plan de actuación	1.276,29 €	
ESTUDO CERTIFICACIÓNS CALIDADE E MEDIO AMBIENTE	4.298,00 €	
Estudo de calidade	1.600,00 €	
Estudo de medio ambiente	2.000,00 €	
Preparación e documentación dos estudos	698,00 €	

NECESIDADES E DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS DE XESTIÓN		8.950,00 €
Preparación e documentación de formularios	1.500,00 €	
Distribución e captación de formularios	950,00 €	
Análise e informe final	6.500,00 €	
TOTAL		25.010,60 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,96%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,96% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre que a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 € do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Clubs

Náuticos de Galicia. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, remitindo con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Asociación de Clubs Náuticos de Galicia deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas, cando menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Clubs Náuticos de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Clubs Náuticos de Galicia na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación de Clubs Náuticos de Galicia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado,

coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Asociación de Clubs Náuticos de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Clubs Náuticos de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 23 de febreiro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2015.

2. Para o caso de que a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 31 de agosto de 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación de Clubs Náuticos de Galicia perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado exemplar exemplar exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MUROS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO MUSEO DO POZO DO CACHÓN NO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Muros correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 30.396,12 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2015

Na Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Dona Maria José Alfonso Torres, alcaldesa do Concello de Muros, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal necesaria para outorgar o presente convenio.

MANIFESTAN

O Concello de Muros é titular do muíño de marea do Pozo do Cachón, unha magnífica obra de enxeñería da segunda metade do século XIX.

Este edificio emprazado na rúa de Muros foi rehabilitado a partir do ano 1990 por medio de sucesivas obras rematadas no ano 1999.

No ano 2004, coa colaboración desta Deputación, realizouse un proxecto de musealización destinado a integrar o muíño de marea nun circuíto de actividades vinculadas ao turismo cultural, o que levou á conversión do edificio no Centro de Interpretación de Muíños da Costa da Morte que empezou a funcionar no mes de abril de 2005.

No ano 2008, cunha axuda desta Deputación, dotouse de persoal de dinamización e, no ano 2009, mellorouse a dotación interior; na actualidade estase a reconstruír un dos muíños.

As deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e dos equipamentos culturais.

A Deputación da Coruña é consciente da importancia do labor que este espazo museístico de Muros desenvolve, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca da Costa da Morte, do Barbanza e na provincia coruñesa.

En virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros (CIF: P1505400J) para financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2015. Esta programación terá os seguintes contidos:

- ❖ Visitas guiadas no Museo do Pozo do Cachón.
- ❖ Saídas guiadas dende o Museo do Pozo do Cachón aos muíños de Longarela, muíño de Pontella, muíño de Riomaior, muíños de vento, estacións de arte rupestre e outros lugares de interese.
- ❖ Exposicións temporais: “Unha mirada subxectiva do cotián”, “Introvisións”, “O mundo do pan”, “Operación monarca”, “Áreas mariñas protexidas”, “Mostra Muradana de Artesanía” e “Cambio climático”.
- ❖ Mostra de artesanía.
- ❖ Obradoiro “O mundo do pan”.
- ❖ Edición de materiais gráficos sobre o muíño e as actividades propostas.
- ❖ Edición de material audiovisual sobre o muíño e o proceso de produción de pan de xeito tradicional.
- ❖ Actividades esporádicas nas que colabora o Concello.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DE MUROS

O Concello de Muros desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Salario do/a guía:	12.631,44 €
Salario da animadora turístico-cultural:	7.986,60 €
Salario do limpiador:	8.928,08 €
Obradoiro do pan:	250,00 €
Mostra de artesanía e exposicións temporais:	200,00 €
Publicidade do Museo e actividades:	400,00 €
Total:	30.396,12 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe do 65,798 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos, propios ou alleos, sempre que o Concello beneficiario acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,798 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Muros obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Muros o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Muros axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Muros.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Muros do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicándolle a porcentaxe de financiamento (65,798 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase despois da presentación da seguinte documentación:

- * Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: identificación dos adxudicatarios, importes dos contratos e prazos de execución.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificados, despois da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.
- * Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.
- * Certificación da aprobación das facturas e outros documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* Acreditación do pagamento efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Muros terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Muros deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Muros para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Muros da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Muros deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse, ben mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando a Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Muros destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Muros poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Muros queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muros será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.
2. Previa solicitude do Concello de Muros, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Muros, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

11. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O XII FESTIVAL INTERNACIONAL DE CURTAMETRAXES CURTOCIRCUÍTO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 112.000 €, concedida para financiar o XII Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto 2015, cun orzamento subvencionado de 140.000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o XII Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto 2015

Na Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e que os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e dos equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, para iso, teñen a posibilidade legal de subscribir convenios para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2. Como parte das actividades de fomento da cultura, e máis en concreto do cine, o

Concello de Santiago de Compostela desenvolve o XII Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto 2015.

Trátase dun evento que ten como obxectivo impulsar a construción e consolidación dunha cultura cinematográfica arredor do mundo da curtametraxe na cidade de Santiago de Compostela.

3. O XII Festival Internacional de curtametraxes Curtocircuíto 2015 é xestionado polo Auditorio de Galicia, que ten encomendada a actividade da Concellería de Cultura por acordo do Pleno da corporación municipal do 15 de abril de 2004.

4. Tendo en conta a transcendencia e significación que presenta o proxecto impulsado polo Concello de Santiago de Compostela e a súa gran repercusión no ámbito cultural, así como a confluencia de intereses coa Deputación da Coruña por complementar as accións desta última destinadas a apoiar a cinematografía, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF: P1500079G) para financiar o XII Festival Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto 2015 que ten lugar en Santiago de Compostela ao longo do ano, co seguinte contido:

1. Seccións competitivas: Oficial RADAR: obras de calquera nacionalidade
Oficial EXPLORA: sección centrada na procura de novas caligrafías
Planeta GZ: cinema galego
2. Seccións paralelas: Retrospectiva: Jorgen Leth
Púlsar: Joao Salaviza
Carta branca a... Aki Kaurismäki
14_17: curtas destinadas a adolescentes
Criaturas: dirixido aos máis pequenos
Noite Malandra: sesión canalla
Penínsulas: películas portuguesas e españolas
3. Sesións especiais: Foco en O som e a Furia: selección de películas desta distribuidora portuguesa
Cámping: selección de curtas situadas nos cámpings
Conmutador: intercambio con festivais internacionais
Noite curta: proxeccións na Praza das Praterías
4. Programas de cooperación con outros eventos nacionais e internacionais
5. Actividades formativas e educativas: Encontros dos centros audiovisuais de Galicia
Concurso Escolas Galegas-ACME
Sesións para escolas públicas

6. Actividades complementarias: encontros profesionais, conferencias

7. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As actividades obxecto co convenio, segundo se definen na cláusula anterior, desenvolveraa o Concello de Santiago de Compostela consonte ao seguinte orzamento:

Gastos de difusión e publicidade	
Páxina web:	3.630,00 €
Spot e fotos:	3.630,00 €
Deseño e publicación dun catádespois:	6.050,00 €
Cartelaría, folletos, entradas etc.:	6.050,00 €
Alugamento de espazos e equipamentos técnicos	
Proxectores e pantallas:	9.680,00 €
Equipos de son:	8.321,00 €
Equipos de proxección e ordenadores:	6.050,00 €
Espazos:	1.210,00 €
Contratación de servizos técnicos e profesionais	
Dirección e equipo:	28.000,00 €
Visionado e posproducción:	16.940,00 €
Xurados:	4.840,00 €
Atención técnica e público:	14.520,00 €
Xestión de películas: dereitos de exhibición e transporte copias	
Shot Film Depot:	968,00 €
Gastos de subtitulado:	6.050,00 €
Premios ou galardóns oficiais	
Dotación económica dos premios:	12.500,00 €
Fabricación de estatuíñas:	1.331,00 €
Viaxes e aloxamentos dos participantes	
Viaxes:	6.655,00 €
Aloxamento:	3.575,00 €
Total:	140.000,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 112.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos, propios ou alleos, sempre que o beneficiario acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao Concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase despois da presentación da seguinte documentación:

- * Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.
- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificados, despois da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.
- * Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.
- * Certificación da aprobación das facturas e outros documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* Acreditación do pagamento efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2. Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

12. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE DURANTE O ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 144.000 €, concedida para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015, cun orzamento subvencionado de 180.000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia lle cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m² no planta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2. Con data 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación a prol dunha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3. Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4. O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

5. Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015.

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi e punto de acceso informático, rexistro auxiliar, unidade básica de servizos sociais, departamento de xuventude, dirección da rede de centros socioculturais, biblioteca infantil e xuvenil e zona expositiva.

No Centro desenvólense as seguintes actividades:

- * Cursos formativos: ioga, ximnasia de mantemento, xerontoximnasia, actívale, obradoiro de memoria, inglés para viaxar, clubs de lectura, xadrez, teatro, obradoiros de creación literaria, cursos monográficos diversos.

- * Cursos da aula de novas tecnoloxías.

* Actividades complementarias: venres en familia, conferencias, sesións especiais, concertos e actividades musicais, teatro, recitais, proxeccións, visitas culturais, xogos populares na Praza Roxa.

* Actividades puntuais: Samaín, campaña de sensibilización contra a SIDA, Nadal, Entroido.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Persoal

3 uxieres:	68.403,60 €
2 animadores socioculturais:	77.003,60 €
1 auxiliar administrativo:	31.010,20 €

Mantemento

Mantemento e subministros:	3.582,60 €
----------------------------	------------

Total: 180.000,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 144.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos, propios ou alleos, sempre que o concello beneficiario acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao Concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención

provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como dixital e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche e na súa páxina web.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase despois da presentación da seguinte documentación:

* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificados, despois da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

- * Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.

- * Certificación da aprobación das facturas e outras documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

- * Acreditación do pagamento efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela seránlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.
2. Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

13. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIMIANZO PARA FINANCIAR A XXII MOSTRA DE ARTESANÍA EN VIVO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Vimianzo correspondente á subvención nominativa, por importe de 70.000 €, concedida para financiar a XXII Mostra de Artesanía en Vivo 2015, cun orzamento subvencionado de 87.500 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para a realización da XXII Mostra de Artesanía en Vivo 2015.

Na Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

D. Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. A Deputación Provincial e o Concello de Vimianzo exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2. No Castelo de Vimianzo celébrase dende o ano 1994 a Mostra de Artesanía en Vivo, que neste ano acada a súa XXII edición.

Esta actividade apoiouse hai uns anos cunha actuación que foi levada a cabo na fortaleza, dentro do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte a través do que se acondicionaron as diferentes dependencias, coa finalidade de que ao longo de todo o ano houbera unha exposición de artesanía.

3. Que a finalidade da Mostra é a de expoñer a realidade das diversas artesanías que teñan gran tradición en toda a comarca e, ao mesmo tempo, facer do Castelo un lugar vivo e activo, de acordo con criterios museolóxicos actuais, no que os visitantes podan coñecer as variadas técnicas artesanais e participar directamente nas actividades relativas a estas artesanías, co obxectivo de promocionar estes produtos e a súa comercialización, así como contribuír ao coñecemento da comarca dende o punto de vista do turismo.

4. Atendendo á finalidade da actuación pretendida e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos o Concello -e polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu Orzamento de Gastos- é polo que ambas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vimianzo (CIF: P1509300H) para financiar a XXII Mostra de Artesanía en Vivo 2015.

As accións incluídas nesta programación son as seguintes:

- Exposición ao vivo das seguintes artesanías: encaixe de Vimianzo, artesanía do liño (proceso), artesanía de tear de liño e outros materiais, maquetería de barcos, artesanía da prata e o vidro, cestería, artesanía da pel, elaboración de zocos e alfareiría de Buño.
- Visitas guiadas no Castelo: prestado por persoal municipal durante todo o ano e reforzado no verán con contratacións externas.
- Roteiro a pé polo Val de Vimianzo: Castelo, monte de Trasariz, Pazo de Trasariz, vello Camiño Real, muíños da Agra, de Pasantes e da Gándara, castros das Barreira e de Trasouteiro e Pazo de Trasouteiro.
- Visita teatralizada ao Castelo: viaxe no tempo, da man de persoeiros da historia do Castelo.
- Coaching e posta en valor da artesanía: actividade dirixida a formar e concienciar os artesáns para que presten os seus servizos con criterios museísticos.
- Comunicación: accións de divulgación da Mostra e os seus contidos con diferentes ferramentas: web do Concello, gabinete de prensa, insercións publicitarias, redes sociais, material impreso para o Castelo.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DE VIMIANZO

O Concello de Vimianzo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Recursos humanos:	23.550,00 €	
Conserxe e técnicos:	20.000,00 €	
Guía:	800,00 €	
Atención ao público:	2.750,00 €	

Subministrados e gastos de mantemento:	11.700,00 €	
Energía:	11.000,00 €	
Limpeza e outros:	700,00 €	

Exposición, animación e promoción:	52.250,00 €	
Exposición de artesanías ao vivo:	45.000,00 €	
Visita teatralizada:	3.250,00 €	
<i>Coaching</i> e posta en valor da artesanía:	1.000,00 €	
Comunicación e divulgación:	3.000,00 €	

Total: 87.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega de 70.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre que o Concello de Vimianzo acredite que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao Concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe correspondente á aplicación da porcentaxe aprobado 80% á cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 € do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Vimianzo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Vimianzo o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.
2. No procedemento de contratación, o Concello de Vimianzo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. O Concello de Vimianzo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como dixital e audiovisual) correspondente á XXII Mostra de Artesanía en Vivo 2015, e na súa páxina web.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Vimianzo.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Vimianzo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicándolle a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase despois da presentación da seguinte documentación:

* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificados, despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* Certificación expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.

* Certificación da aprobación das facturas e outros documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* Acreditación do pagamento efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Vimianzo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Vimianzo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Vimianzo para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Vimianzo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Vimianzo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e, despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Vimianzo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Vimianzo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Vimianzo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Vimianzo seránlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Vimianzo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude do Concello de Vimianzo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Vimianzo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

14. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA PARA FINANCIAR A TEMPADA LÍRICA 2015. XANEIRO A XUÑO

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Consorcio para la Promoción de la Música correspondente á subvención nominativa, por importe de 450.000 €, concedida para financiar a Tempada lírica 2015. Xaneiro a xuño, cun orzamento subvencionado de 574.000 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música para financiar a Tempada lírica 2015. Xaneiro a xuño

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e D. Xulio Ferreiro Baamonde, presidente do Consorcio para la Promoción de la Música

EXPOÑEN

1. Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consorcio para la Promoción de la Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2. Que o Consorcio para la Promoción de la Música ten por obxecto, entre outros, difundir a música mediante actuacións da Orquestra Sinfónica de Galicia e promover toda clase de actividades musicais: sinfónicas, operísticas, corais, sinfónico-corais, camerísticas, recitais etc., a través da colaboración con agrupacións, organismos e institucións nacionais ou estranxeiras. Así mesmo, o Consorcio organiza concertos didácticos e xestiona a Escola Municipal de Música.

A Tempada lírica da Coruña inclúe unha serie de actividades e concertos a realizar polo Consorcio para la Promoción de la Música e pola Asociación de Amigos de la

Ópera de A Coruña fomentando a difusión musical e en particular o xénero lírico que na cidade da Coruña se remonta ao século pasado.

3. Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4. Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que vén desempeñando o Consorcio para la Promoción de la Música, que considera de interese as actividades que desenvolve e que, en tal sentido, dispón unha achega de 450.000,00 €, en concepto de subvención nominativa ao Consorcio para la Promoción de la Música, destinada a financiar a Tempada lírica 2015. Xaneiro a xuño.

5. Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio para la Promoción de la Música (CIF-P6503001G) para financiar a Tempada lírica 2015. Xaneiro a xuño, coa seguinte programación:

Ópera en familia:

* A fruta máxica no maxín, versión para monicreques e conxunto de vento - 11 de xaneiro de 2015

Óperas en versión de concerto:

* Attila, de Giuseppe Verdi - 17 de xaneiro de 2015

* La Fida Ninfa, de Antonio Vivaldi - 21 de abril de 2015

Ópera escenificada:

* La Flauta Mágica, de Wolfgang Amadeus Mozart - 25 e 27 de xuño de 2015

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

O Consorcio para la Promoción de la Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

* A fruta máxica no maxín: 9.000 €

* Attila, de Giuseppe Verdi: 95.000 €

* La Fida Ninfa: 65.000 €

* La Flauta Mágica: 405.000 €

Orzamento desagregado:

Gastos de persoal (soldos e seguridade social):

94.000,00 €

Alugueros do Palacio, escenarios, instrumentos, partituras, transporte, dereitos de autor:	5.700,00 €
Rep. e mantem. Instrumentos, afinac. Pianos:	540,00. €
Mat. oficina, publicidade, transp. instrum., hoteles, estudos e traballos técnicos:	473.760,00 €
Total:	574.000,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 450.000 €, o que representa unha porcentaxe do 78,3972 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre que a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,3972 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para la Promoción de la Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para la Promoción de la Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao Consorcio para la Promoción de la Música, nin con calquera outra na

que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a Tempada Lírica 2015. Xaneiro a xuño, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para la Promoción de la Música.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para la Promoción de la Música unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Consorcio para la Promoción de la Música, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- * Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente á Tempada Lírica 2015. Xaneiro a xuño.

- * Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio para la Promoción de la Música para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Consorcio para la Promoción de la Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para la Promoción de la Música.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Consorcio para la Promoción de la Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O Consorcio para la Promoción de la Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Consorcio para la Promoción de la Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para la Promoción de la Música deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para la Promoción de la Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para la Promoción de la Música seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para la Promoción de la Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicatoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude do Consorcio para la Promoción de la Música, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes

preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS: PROGRAMA OUTRA+OUTRA 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 17 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio coa Fundación Paideia Galiza correspondente á subvención nominativa, por importe de 17.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades culturais: Programa Outra+Outra 2015, cun orzamento subvencionado de 23.465,20 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016 autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza para financiar o Programa de actividades culturais: Programa Outra+Outra 2015.

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local

Dona Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza

EXPOÑEN

1. Que ambas as entidades teñen unha especial sensibilidade para a realización de actividades que contribúan ao desenvolvemento cultural de Galicia.

2. Que a Deputación Provincial da Coruña, de conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que establece como competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia, e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, ten un programa de actuacións musicais e teatrais para grupos artísticos da provincia, orientado ao fomento da cultura nese campo.

Que o art. 36.1.d) da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do

desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais Administracións públicas neste ámbito”.

3. Que a Fundación Paideia Galiza, constituída como entidade sen ánimo de lucro e recoñecida de interese galego, ten entre os seus obxectivos fundacionais a promoción e a realización de actividades de interese educativo, cultural e outras de interese humano e social.

Así mesmo, na actualidade leva a xestión do Proxecto Mans, un centro de iniciativas empresariais que se localiza no polígono de POCOMACO, para potenciar a cultura empresarial innovadora na provincia da Coruña favorecendo actividades audiovisuais e de creación musical.

4. Que a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran que as programacións de ambas as entidades, neste ámbito, son complementarias, polo que coa finalidade de potenciar as iniciativas que axuden á promoción das actividades musicais, acordan establecer un convenio de colaboración dirixido a fomentar o desenvolvemento estratéxico do sector da música e a apoiar as formacións musicais, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza (NIF: G15798655) para a financiar o Programa de actividades culturais: Programa Outra+Outra 2015, consistente nun programa de gravacións dirixido a grupos de pop-rock da provincia da Coruña incluídos na Rede Cultural da Deputación dos anos 2015-2016.

O programa obxecto do presente convenio desenvolverase de acordo coas seguintes fases:

1ª fase Convocatoria pública de difusión a través de dípticos, seminarios, xornadas
Recepción de solicitudes
Pre-selección
Celebración de dúas audicións

2ª fase Gravación de 14 Másters orixinais de 20 minutos de duración
Presentación dos 14 grupos finalistas
Avaliación e informe de resultados

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Asistente de gravación:	6.223,40 €
Xestión loxística e administración:	5.518,80 €
Asesoría xurídica:	3.044,80 €

Material de imprenta e difusión:	1.700,00 €
Técnico de gravación e gastos xurado:	6.146,32 €
Desprazamentos:	360,00 €
Axudas de custo:	120,00 €
Correos, mensaxería, cedés:	351,88 €

Total: **23.465,20 €**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.000 €, o que representa unha porcentaxe do 72,448 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre que a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,448 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

IV. OBRIGAS DAS PARTES

1. Obrigas da Deputación da Coruña:

- * Formar parte da comisión que se constituirá para a facer a preselección dos grupos.
- * Achegar o importe correspondente ao 72,448 % do orzamento de gastos que figura na cláusula segunda.

2. Obrigas da Fundación Paideia Galiza:

- * Recibir as solicitudes dos grupos para participaren no programa.
- * Formar parte da comisión que se constiuiará para facer a preselección dos grupos.

- * Proporcionar a cada un dos 14 grupos finalistas unha sala de gravación no CIE Mans durante un día.
- * Realizar a edición, mestura e masterización en sistema de gravación a disco duro ProTools HD3.
- * Poñer a disposición dos grupos un piano e encargarse da súa afinación.
- * Entregar a cada un dos 14 grupos o Master orixinal da gravación de 20 minutos de duración.

V. CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

VI. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VII. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que presente a seguinte documentación:

- * Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades obxecto deste convenio, realizadas dende o 1 de marzo ao 31 de decembro de 2015, de acordo coa planificación das actividades contemplada na memoria presentada.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, como máximo, o 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza.

Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

IX. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Fundación Paideia Galiza deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

X. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XII. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XIII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIV. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de marzo de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Fundación Paideia Galiza, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

16. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS DO ÁMBITO RURAL NO ANO 2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 24 de setembro de 2015.

2. Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 140.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2015, cun orzamento subvencionado de 175.011,64 €, de acordo co texto que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2015

Na Coruña,

REÚNENSE

D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

D. Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local

Ambas as partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. No ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición e equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV Nosa Señora de de Belén, de Santa Cristina de Fecha,

AVV A Unión de Santa María de Vilvestro, AVV de A Rocha Serafín Zas e AVV Ruta Xacobeá.

2. Con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitoulle á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na Rede de Centros Socioculturais do concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas e, asemade, facer posible unha mellor coordinación a prol dunha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3. Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004.

4. Co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións que promovan a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas e mais que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5. Tendo en conta que a Deputación considera de interese financiar esta actividades, no Orzamento da Deputación para o ano 2015, foi incluído o crédito destinado para o seu financiamento, polo que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF: P1507900G) para financiar o Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2015.

As accións incluídas nesta programación son as seguintes:

- * Programa de animación e dinamización dixital-Novas tecnoloxías da información 2015: cursos de danza, maxia, encontros culturais, conmemoracións etc; actividades formativas e aulas abertas de informática de uso libre.

- * Programa de educación e formación permanente 2015: obradoiros e cursos.

- * Programas estacionais 2015: programa Vive o verán.

- * Programa de dinamización teatral: circuío dos clubs de teatro da Rede de Centros Socioculturais.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de animación e dinamización dixital:	135.000,00 €
Programa de formación permanente:	15.000,00 €
Programa estacional:	19.755,91 €
Programa de dinamización teatral:	5.255,73 €

Total: 175.011,64 €

Estes orzamentos correspóndense a gastos correntes: aluguer de infraestrutura técnica, contratación administrativa de servizos técnicos para a impartición e guía de actividades (monitoraxe, profesorado, artistas...) montaxes, transportes, materias funxibles, edición e distribución de material informativos.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 140.000 €, o que representa unha porcentaxe do 79,995 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre que o Concello de Santiago de Compostela acredite que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao Concello.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,995 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como dixital e audiovisual) correspondente ás actividades dos centro socioculturais do ámbito rural e na súa páxina web.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicándolle a porcentaxe de financiamento (79,995 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase despois da presentación da seguinte documentación:

* Certificación dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministros, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificados, despois da presentación da seguinte documentación:

- * Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

- * Certificación expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pagamento.

- * Certificación da aprobación das facturas e outras documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

- * Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- * Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- * Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, dixital ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

- * Acreditación do pagamento efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2. No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros.

3. Se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 56 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela seránlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2016, autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo Concello de Santiago de Compostela, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O “PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOXIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2015. ACCIÓNS INFORMATIVAS E FORMATIVAS”.

1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 9 de setembro de 2015 que consta no expediente.
2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, NIF G15798655, para financiar o Programa de voluntariado social en países europeos para mocidade desempregada no ano 2015. Accións informativas e formativas, cunha achega da Deputación de 17.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 70% do orzamento subvencionado, que é de 24.285,00 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.
3. Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito correspondente ao exercicio 2016.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SOCIAL EN PAÍSES EUROPEOS PARA MOXIDADE DESEMPREGADA NO ANO 2015

Na Coruña, ode.....de.....na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dona Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

Dona Sandra Ortega Mera, presidenta da Fundación Paideia Galiza

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

É competente a Deputación para a colaboración prevista no Convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Segundo a Lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 2.3, art. 60.c) e art. 63, os concellos deben colaborar no fomento dos servizos que prestan as entidades de iniciativa social e a Deputación é competente para darlles apoio aos concellos na prestación dos servizos sociais. Neste caso está claro o interese provincial da actividade, posto que se trata de levar adiante unha actividade de inserción de mozos e mozas de interese para os concellos da provincia da Coruña, polo que está xustificado o apoio desta Deputación ao programa de actividades obxecto deste convenio.

Por outra banda, segundo consta nos seus estatutos, a Fundación Paideia Galiza ten como obxecto a promoción e realización de actividades de interese educativo, cultural, de fomento da economía social e de promoción do voluntariado, así como calquera forma de atención, formación e intervención na problemática xerada por calquera tipo de exclusión social.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, con CIF G15798655, para o financiamento das accións informativas e formativas do Programa de voluntariado social en países europeos para 200 mozos e mozas, con idades comprendidas entre os 17 e os 30 anos, en situación de desemprego da provincia da Coruña para o ano 2015.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Fundación Paideia Galiza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
----------	---------

Gastos de persoal (nóminas e seguridade social)		18.100,00 €
Persoal técnico	17.100,00 €	
Persoal de xestión, publicidade e difusión	1.000,00 €	
Material de difusión (dípticos, cadernos, bolígrafos, usb...)		2.500,00 €
Gastos da actividade (desprazamentos)		900,00 €
Gastos xerais:		2.785,00 €
Subministros (auga e electricidade)	700,00 €	
Teléfono e internet:	600,00 €	
Material de oficina e informático:	785,00 €	
Limpeza:	700,00 €	
TOTAL		24.285,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 17.000 €, o que representa unha porcentaxe do 70%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre e cando a entidade beneficiaria acredite que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Fundación Paideia Galiza de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o

dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia Galiza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia Galiza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Paideia Galiza deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Fundación Paideia Galiza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Paideia Galiza.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Paideia Galiza unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia Galiza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizaranse desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2015.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Paideia Galiza deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, antes do 31 de maio de 2016.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia Galiza para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Paideia Galiza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia Galiza na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Paideia Galiza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia Galiza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Fundación Paideia Galiza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Paideia Galiza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Paideia Galiza poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia Galiza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia Galiza serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia Galiza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2016, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia Galiza non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2016, deberá solicitar, polo menos, dous meses antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2016. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia Galiza perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e, para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas, aplicaráselle as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día _____ de _____ de _____

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

18. APROBACIÓN DA AUTORIZACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2015 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

1º. Autorizar o expediente de modificación de crédito 1/15 do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, aprobado polo Pleno do Consorcio en sesión do 26/05/2015.

2º Segundo se desprende do expediente incoado polo Consorcio, o expediente de modificación de créditos obxecto de autorización é financiado con remanentes de tesourería procedentes da liquidación do orzamento do Consorcio para o ano 2014 e será cofinanciado pola Xunta de Galicia en idéntica achega á que lle corresponde á Deputación Provincial da Coruña.

3º A autorización do expediente realízase pola Deputación en función das súas atribucións conferidas como Administración pública de adscrición do Consorcio aos efectos de consolidación de estabilidade.

19. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) PARA FINANCIAR O PROXECTO ACTIVIDADES 2015

1º. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º. Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º. Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) con CIF G70199112 para financiar as Actividades 2015.

2º. A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 80.000,00 €, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

3º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e os requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0510/433/481 do vixente orzamento (documento contable RC núm. de operacion 220150035210).

4º. Facultar o presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

6º.-Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, deberá condicionarse á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

7º.-Facultar ao Sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER)

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Valentín González Formoso, como presidente da Excmá. Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte D. Isidro M. Silveira Rey, con DNI núm. 32 661 379 E, en representación da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER)

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) consideran de grande interese para a provincia que esta sexa parte activa na busca de solucións que contribúan á consolidación e crecemento do tecido empresarial da comarca, actuando de interlocutores diante das Administracións, achegando ideas e ferramentas, favorecendo a mellor cualificación do empresario e respaldando iniciativas emprendedoras.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), CIF G70199112, para o financiamento das Actividades 2015.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Departamento comunicación	9.800,00 €
Servizo de apoio á creación de empresas	14.500,00 €
Publicacións e Publicidade empresarial - Publicidade en medios de comunicación, folletos informativos e de promoción...)	30.000,00 €
Actividades formativas - Impartidas por entidades y empresas externas	12.000,00 €
Outros proxectos e actividades promocionais	25.000,00 €
Gastos estruturais imputables ás actividades - Persoal de Cofer, limpeza, subministros (luz, auga, telefonía, internet...)	8.700,00 €
TOTAL	100.000,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa

unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER).

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas cando menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da súa finalización e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previsto nas normas citadas e na Base 55 de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, abranguerá os gastos devindicados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. no caso de que a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes

do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderalle conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegá (COFER) perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegá (COFER), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____, o día ____ de ____ de ____.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuádruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña

O representante da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegá (COFER)

D. Valentín González Formoso

20. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN EUROEUME PARA FINANCIAR O PROXECTO PRODUTOS DO EUME

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación EuroEume con CIF G15608821 para financiar o proxecto Produtos do Eume.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 39.392,00 €, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431.4/481 (documento contable RC núm. de operación 220150022387).

6º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, deberá condicionarse á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

7º.- Facultar o presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación EuroEume

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o D. Valentín González Formoso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte D. Xosé Castro Romero, con DNI núm. 76 394 347 P, en representación da Asociación EuroEume

MANIFESTAN

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación EuroEume consideran de grande interese para a provincia valorizar os produtos locais do Territorio do Eume, dando un paso clave para a súa chegada ao mercado nunhas condicións óptimas de seguridade alimentaria e de coñecemento por parte do consumidor. A certificación dos produtos permítelle ofrecer todas as garantías ao consumidor para que o diferencie no mercado e confíe na súa calidade
2. Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación EuroEume, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación EuroEume, CIF G15608821, para o financiamento do proxecto Produtos do Eume.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Asociación EuroEume levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO				IMPORTE
Partida	Orzamento	Ive	Total	
1. Definir produto do Eume				12.253,00 €
Persoal	10.699,00 €		10.699,00 €	
Custos indirectos (correos, telefonía, papelería)	1.284,30 €	269,70 €	1.554,00 €	
2. Certificación de produto	5.000,00 €	1.050,00 €		6.050,00 €
3. Campaña comunicación				30.936,68 €
Campaña prensa, radio, etc.				

Persoal	3.872,00 €		3.872,00 €	
Medios comunicación	7.667,50 €	1.610,18 €	9.277,68 €	
a) Gabinete prensa	3.872,00 €		3.872,00 €	
b) Folleto	600,00 €	126,00 €	726,00 €	
c) <i>Merchandising</i>	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €	
d) <i>Showcooking</i>	2.900,00 €	609,00 €	3.509,00 €	
e) Xornadas restaurantes	3.630,00 €		3.630,00 €	
f) Visitas guiadas	2.420,00 €		2.420,00 €	
TOTAL				49.239,68 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 39.392,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación EuroEume obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación EuroEume. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación EuroEume, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación EuroEume deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Asociación EuroEume tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación EuroEume.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación EuroEume, unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación EuroEume, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Canda esta relación achegaranse os orixinais ou as copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa, deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A Asociación EuroEume deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas cando menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación EuroEume deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da súa finalización e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación EuroEume para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación EuroEume da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación EuroEume na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación EuroEume terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Asociación EuroEume deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación EuroEume destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación EuroEume deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación EuroEume poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación EuroEume queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 55 de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 % se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación EuroEume seránlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación EuroEume será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de febreiro ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo de 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Asociación EuroEume non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación EuroEume perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da Asociación EuroEume, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día ____ de ____ de ____.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

O representante da Asociación
EuroEume

D. Valentín González Formoso

21. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE LIRA PARA FINANCIAR O PROXECTO SEGUIMENTO CIENTÍFICO QUE SE LEVA A CABO NA XESTIÓN DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO DOS MIÑARZOS

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Confraría de Pescadores de Lira con CIF G15038516 para financiar o seguimento científico que se leva a cabo na xestión da reserva mariña de interese pesqueiro dos Miñarzos.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 13.968,50 €, cunha porcentaxe de financiamento do 70,00 %.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/415/481 do vixente orzamento (documento contable RC con núm. de operación 220150017814 de data 8 de maio de 2015).

6. Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia posterior ao exercicio actual, deberá condicionarse á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

7º.- Facultar o presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Confraría de Pescadores de Lira.

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o D. Valentín González Formoso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. José Mariano Lago Louro, con DNI núm. 33 295 272 N, en representación da Confraría de Pescadores de Lira.

MANIFESTAN

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Confraría de Pescadores de Lira consideran de grande interese para a provincia un programa de actividades baseado no desenvolvemento sostible do sector pesqueiro, fundamentado en catro grandes eixos vertebrados, como son a protección dos recursos mariños, o fomento do turismo pesqueiro, a valorización dos recursos pesqueiros e o sistema de xestión de calidade dos produtos pesqueiros.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Confraría de Pescadores de Lira, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confraría de Pescadores de Lira, CIF G15038516, para o financiamento do seguimento científico que se leva a cabo na xestión da reserva mariña de interese pesqueiro dos Miñarzos”.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Confraría de Pescadores de Lira levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior e consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE	
GASTOS DE PERSOAL	Soldos e salarios	13.500,00 €	17.955,00 €
	Seguridade Social	4.455,00 €	
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	Subministracións (luz, teléfono)	1.500,00 €	2.000,00 €
	Servizo de mantemento da oficina	500,00 €	
TOTAL			19.955,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 13.968,50 €, o que representa unha porcentaxe do 70 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos (proprios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten

consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/415/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Confraría de Pescadores de Lira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Confraría de Pescadores de Lira. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Confraría de Pescadores de Lira, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións superase 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Confraría de Pescadores de Lira deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Confraría de Pescadores de Lira tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Confraría de Pescadores de Lira.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Confraría de Pescadores de Lira unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Confraría de Pescadores de Lira, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e as datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A Confraría de Pescadores de Lira deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas cando menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Confraría de Pescadores de Lira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da súa finalización e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Confraría de Pescadores de Lira para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Confraría de Pescadores de Lira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Confraría de Pescadores de Lira na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda, a Confraría de Pescadores de Lira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Confraría de Pescadores de Lira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Confraría de Pescadores de Lira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Confraría de Pescadores de Lira deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Confraría de Pescadores de Lira poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFRARÍA DE PESCADORES DE LIRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excedese de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excedese de tres meses, a sanción será dun 20 € da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se producise no prazo de xustificación e non excedese dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Confraría de Pescadores de Lira seranlle remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Confraría de Pescadores de Lira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do ano 2016, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. No caso de que a Confraría de Pescadores de Lira non puidese ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 1 de febreiro de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Confraría de Pescadores de Lira perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo da Confraría de Pescadores de Lira, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____, o día ____ de ____ de ____.
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O representante da Confraría de Pescadores de Lira
---	--

D. Valentín González Formoso

22. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DO BARBANZA PARA FINANCIAR O PROXECTO PLAN DE FORMACIÓN BARBANZA

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza, con CIF V15227861, para financiar o proxecto Plan de formación Barbanza.

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 30.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431.4/481 do vixente orzamento (documento contable RC con núm. de operación 220150029175).

6º.- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia ata o 31/12/2015, é previsble que os pagamentos se poidan efectuar no próximo exercicio, polo que deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio orzamentario.

7º.- Facultar o presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

“Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Doutra parte D. José Ramón Romero García, con DNI núm. 33 285 513 M, en representación da Federación de Empresarios do Barbanza.

MANIFESTAN

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza consideran de gran interese para a provincia executar un plan formativo que redunde nunha mellor cualificación dos titulares e empregados das empresas comerciais e turísticas da comarca do Barbanza, e que contribúa ao desenvolvemento socioeconómico da provincia da Coruña.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Federación de Empresarios do Barbanza, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación de Empresarios do Barbanza, CIF V15227861, para o financiamento do proxecto Plan de formación Barbanza.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Federación de Empresarios do Barbanza levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de persoal	4.875,00 €
Gastos en servizos: consultoría externa (Domènec Biosca Asesors, S.L.) accións de formación principais	18.000,00 €
Gastos en servizos: outros provedores que executarán accións formativas secundarias	11.625,00 €
Gastos en servizos: deseño da imaxe corporativa e difusión do proxecto á comunidade empresarial	2.000,00 €
Outros gastos: material promocional de imprenta (carteis, dípticos etc...)	1.000,00 €
TOTAL	37.500,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000 €, o que representa unha porcentaxe de 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata

acadar o importe total do orzamento da actividade, financiarase con cargo a recursos (proprios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431.4/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación de Empresarios do Barbanza obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación de Empresarios do Barbanza. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Federación de Empresarios do Barbanza, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación de Empresarios do Barbanza deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a Federación de Empresarios do Barbanza tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación de Empresarios do Barbanza.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Federación de Empresarios do Barbanza, unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación de Empresarios do Barbanza, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A Federación de Empresarios do Barbanza deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula oitava.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas na cláusula primeira terán lugar entre o 1 de xaneiro de 2015 ata o 30 de xuño de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Federación de Empresarios do Barbanza deberá presentar a xustificación documental, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

á Federación de Empresarios do Barbanza para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Federación de Empresarios do Barbanza da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6 das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación de Empresarios do Barbanza na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Federación de Empresarios do Barbanza terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Federación de Empresarios do Barbanza deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Federación de Empresarios do Barbanza destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación de Empresarios do Barbanza deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación de Empresarios do Barbanza poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación de Empresarios do Barbanza queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55 das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 % se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación de Empresarios do Barbanza seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación de Empresarios do Barbanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de xaneiro ata o 30 de xuño do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do ano 2015.
2. Para o caso de que a Federación de Empresarios do Barbanza non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación antes do día 30 de setembro de 2015, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Federación de Empresarios do Barbanza perderá o dereito ao cobramento do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo da Federación de Empresarios do Barbanza, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____, o día ____ de ____ de ____.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña	O/a representante da Federación de Empresarios do Barbanza
---	--

D. Valentín González Formoso

23. APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DAS OBRAS DA PROGRAMACIÓN DE INVESTIMENTOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS 2015-2019. PRIMEIRA FASE

1. Aprobar tecnicamente os proxectos das obras que se indican a continuación, incluídas na Programación de investimentos en estradas provinciais 2015-2019. Primeira fase, co detalle da súa denominación e orzamento:

CONCELLO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
Boiro	Ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 1102 de Cespón a Vidres, PK 0+000 ao 1+700 (Boiro)	782.718,48 €	142.266,73 €
Dumbría	Mellora da seguridade viaria na DP 3402 de Bustelo a Caberta por Salgueiros, PK 1+320 ao 2+010 (Dumbría)	331.074,71 €	51.330,59 €
Muxía	Ampliación e mellora do trazado da estrada DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa, PK 2+387 ao 4+086 (Muxía)	1.091.579,15 €	195.818,80 €
Ponteceso	Ampliación e mellora da seguridade viaria na DP 4307 Malpica a Ponteceso no lugar de Lestimoño, PK 11+070 ao 11+760 (Ponteceso)	635.498,34 €	46.170,79 €
	TOTAL	2.840.870,68 €	435.586,91 €

2. Iniciar o expediente de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución destas obras.

3. Dispoñer a exposición pública dos proxectos técnicos correspondentes ás obras citadas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de dez días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas e se poidan proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

4. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia podendo proseguirse as actuacións unha vez transcorrido o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

24. APROBACIÓN INICIAL DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015

Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2015 dos proxectos de obra que máis abaixo se relacionan, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de outubro do 2012 (BOP núm. 217 do 14 de novembro de 2012).

1. Aprobar inicialmente a terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2015.1130.0005.0	Travesía DP 3604 San Xoán de Filgueira a Catabois PK 0+900 ao PK 1+801 (Ferrol)	Ferrol	797.756,42 €
2015.1130.0006.0	Mellora da seguridade viaria na estrada DP 3802, PK 8+360 ao PK 9+330, Vista Alegre (Galegos) (Frades)	Frades	149.159, 10 €
2015.1130.0007.0	Mellora da seguridade viaria na DP 0514 entre Xermaña e Caión (A Laracha)	A Laracha	307.957,60 €
2015.1130.0008.0	Travesía DP 6601 dende a Nacional N-547 ao lugar de Outeiro (O Pino)	O Pino	429.803,22 €
TOTAL			1.684.676,34

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Remitir un exemplar dos citados proxectos aos concellos correspondentes no prazo de cinco días contados dende a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que os concellos envíen á Deputación, no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

25. APROBACIÓN INICIAL DA CUARTA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2015

“Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2015 do proxecto da obra que máis abaixo se relaciona, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 26 de outubro do 2012 (BOP núm. 217 do 14 de novembro do 2012).

1.- Aprobar inicialmente a cuarta fase do Plan de travesías da anualidade 2015, integrada pola obra que se relaciona a continuación, coa indicación da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
2015.1130.0009.0	Remodelación e acondicionamento da travesía de Senande (Muxía) na DP 3403, PK 3+400 ao PK 4+675	Muxía	484.680,38 €
TOTAL			484.680,38 €

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4533/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Remitir un exemplar do citado proxecto ao concello correspondente no prazo de cinco días contados dende a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”.

26. APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2015, CUARTA FASE

1. Aprobar o Plan de sendas peonís 2015, cuarta fase, integrado polas obras que se indican a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
15.1170.0006.0	Senda peonil na DP 4307 de Malpica de Bergantiños a Ponteceso, PK 4+210 ao PK 5+000.Mens (Malpica de Bergantiños)	Malpica de Bergantiños	129.152,94 €
15.1170.0007.0	Senda peonil na DP 3801 de Sigüeiro a San Mauro, PK 2+190 ao PK 3+280 (Oroso)	Oroso	229.054,91 €
TOTAL			358.207,85 €

O financiamento dos proxectos incluídos neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de dez días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas e se poidan proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e se poidan proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

27. APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 DA OBRA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA INTERSECCIÓN DA DP 1704 COA DP 0102 (CAMBRE), PK 2+ 190 AO PK 2+340", DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, TERCEIRA FASE, E A SÚA INCLUSIÓN NO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, CO CÓDIGO 2015.1100.0035.0

1. Aprobar o proxecto complementario nº 1 da obra Mellora da seguridade viaria na intersección da DP 1704 coa DP 0102 (Cambre), PK 2+190 ao PK 2+340", do Plan de conservación de vías provinciais 2014, terceira fase, e a súa inclusión no Plan de conservación de vías provinciais 2015, co código 2015.1100.0035.0, co detalle que se indica a continuación en canto a súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO SOBRE CONTRATA
15.1100.0035.0	Proxecto complementario nº 1 de Mellora da seguridade viaria na intersección da DP 1704 coa DP 0102 (Cambre), PK 2+190 ao PK 2+340	22.222,21 €
TOTAL		22.222,21 €

O financiamento deste proxecto complementario realizarase na súa totalidade con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2015.

2. Dispoñer a exposición pública deste proxecto complementario mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de dez días poidan presentarse as alegacións oportunas e se poidan proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentase ningunha alegación.

3. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e se poidan proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

28. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

1. Aprobar as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, cuxo texto figura no anexo que se xunta.
2. Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas 0430/4592/46201 e 0430/4592/76201, tanto no orzamento inicial do exercicio 2016 coma nos expedientes de modificación de crédito que esta Deputación poida aprobar ao longo do ano 2016 ou 2017 para o financiamento do POS 2016.

BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

1. DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2016 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

O Plan finánciase, previsiblemente, cunha achega provincial na anualidade 2016 por importe de 24.200.000 €, ademais de coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completaren o financiamento dos investimentos, posto que nos últimos anos a Administración xeral do Estado non realizou achegas aos plans provinciais elaborados polas deputacións provinciais.

Achega provincial	24.200.000 €
-------------------	--------------

En principio, tómase como base que nas partidas 0430/4592/76201 e 0430/4592/46201 do orzamento provincial para o exercicio 2016, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo dos anos 2016 ou 2017, vaise consignar a cantidade de 24.200.000 € para o financiamento do Plan.

Pero dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da deputación, o POS 2016 concíbese co carácter de “programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto á revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento e, en consecuencia, o Plan que poida aprobar a Deputación poderá ser o resultado de reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2016 coma nos expedientes de modificación de créditos que a Deputación poida aprobar ao longo do ano 2016 ou 2017 para o financiamento do POS 2016. Consonte ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

2. FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que a estes efectos a Deputación aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

O POS 2016 elabórase nun momento de crise económica no que a Deputación quere cooperar especialmente cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación.

Ademais, debe terse en conta, por unha banda, que outras administracións públicas desenvolveron importantes Plans de investimentos destinados aos concellos co fin de dotalos das infraestruturas necesarias para o seu funcionamento e de estimular a economía e o emprego e, por outra, que os concellos teñen dificultades para atender aos seus gastos correntes pola perda de ingresos nos seus orzamentos motivada pola crise.

Por iso, a finalidade do POS 2016 é dobre: en primeiro lugar, a realización de novos investimentos nos concellos contribuíndo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía e, en segundo lugar, a axuda ao financiamento dos gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase, polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía.

Para materializar esta dobre finalidade, cada concello poderá utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte xeito:

a) O 50 % destinarase necesariamente á realización das obras ou subministracións precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da citada Lei 7/1985 do 2 de abril, malia poder, non obstante, incluír outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei, ambos os dous artigos na súa nova redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

b) O 50 % restante destinarase, a elección do concello, ben á realización de máis obras ou subministracións das indicadas no parágrafo anterior, ben ao financiamento dos gastos correntes do concello no exercicio 2016.

2. 1 Realización de obras ou subministracións

Neste Plan pódense incluír todas as obras e subministracións que sexan de competencia municipal, con preferencia das asociadas aos servizos obrigatorios, de acordo co establecido nos citados artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

En todo caso, deben ser obras ou subministracións para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente xuntando os correspondentes documentos que xa conta con elas ou que as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan.

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todas as obras e subministracións incluídas na anualidade de 2016, tanto do Plan base como do Plan complementario ao que se fai referencia máis adiante. O importe mínimo de cada obra ou subministración é de trinta mil euros (30.000 €), IVE incluído.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por persoal técnico competente.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas e que deben ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan.

Para realizar a selección das obras que se incluírán no Plan teranse especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local (EIEL) xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a “ficha municipal” con datos do concello que figura na páxina web desta Deputación, que contén información detallada das súas infraestruturas e datos, en especial a ficha na que figuran os índices sintéticos do concello comparados coa comarca e coa provincia.

Os datos dese concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e motivarase dese xeito a correspondente memoria.

2. 2 Financiamento de gastos correntes

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2016, a intervención ou a secretaría-intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2016, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, da rede de sumidoiros, da limpeza viaria, da recollida domiciliaria de lixo, do alumado público, do mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, do mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente, poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- intereses de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas municipais a entes supramunicipais ou outros que realizan o servizo

3. DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

4. FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán a Deputación e, no seu caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas a el.

4.1 Achega provincial

Segundo se indica na base 1, pártese da base de que nas partidas 0430/4592/76201 e 0430/4592/46201 do orzamento provincial para o exercicio 2016, ou nos expedientes de modificación de créditos que se poidan aprobar ao longo do ano 2016 ou 2017, vaise consignar a cantidade de 24.200.000 € e, dado que aínda se descoñecen as posibilidades de financiamento da Deputación, o POS 2016 concíbese co carácter de “programación preventiva de actuacións”, suxeita polo tanto á revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento, e a reprogramacións de importes ou anualidades, consonte ao criterio de prioridade previsto na base 6.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación á cantidade de 24.200.000 €, segundo se indica na base 1, das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

- 10 % cota fixa
- 5 % esforzo fiscal
- 15 % número de parroquias
- 35 % poboación (rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35 % superficie

No caso de concellos fusionados sumárase o importe que lles correspondería aos concellos separadamente antes da fusión.

4.2 Achega municipal

A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberase indicar individualmente a parte que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houberse baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar para minorar a achega municipal ata anulala mantendo no posible a achega da Deputación.

4.3 Plan complementario

A Deputación aprobará o Plan base da anualidade 2016 xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, xa neste momento o concello debe prever as obras ou subministracións que desexa realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións dos investimentos, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O orzamento mínimo dos proxectos tamén é de 30.000 €, IVE incluído, e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, se é o caso, polas anulacións de obras, e o concello poderá realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

Se o concello inclúe varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no Plan.

5. FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible dispoñeren de sinatura electrónica as persoas titulares da Secretaría e da Alcaldía para asinar a documentación achegada, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 20 de outubro de 2015 e rematará ás 14.00 horas do 18 de decembro de 2015.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse telematicamente é a que deseguido se indica:

5.1 Certificado do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello, segundo o modelo que figura como Anexo I destas bases, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para a realización das obras ou subministracións que se relacionan, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se realiza con cargo á achega municipal voluntaria, e, se é o caso, ao financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2016 que figuran na previsión de gastos realizada pola intervención ou secretaría-intervención do concello.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito abondo para o financiamento da achega municipal ás obras ou subministracións se voluntariamente existe achega do concello.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos e coas autorizacións necesarias para a execución dos investimentos.

No acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para o seu financiamento deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorizarase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan base como do Plan complementario, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE núm. 276 do 16 de novembro de 2011).

No caso das obras, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, que son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer, e a xustificación da solución adoptada, así como o detalle dos factores de toda orde a ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulará a súa execución con expresión da forma na que se levarán a cabo, das obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista e da maneira na que se desenvolverán a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso; do estado de medicións e dos detalles precisos para a súa valoración.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, se é o caso, do tempo e do custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados, e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, o que debe figurar en capítulo independente do orzamento, así

como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE núm. 38 do 13 de febreiro de 2008).

- h) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará a implantación da obra.
- i) Non se farán referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto.
- j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

No caso de **subministracións**, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada.
- b) Un orzamento detallado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas pero sen facer referencia a marcas, con expresión dos prezos de cada elemento, co número de unidades e desgregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).
- c) Lugar e prazo de entrega
- d) Documentos gráficos, de seren necesarios para a correcta definición da subministración

5.3 Informe técnico (ANEXO II)

Informe técnico individual para cada un dos investimentos solicitados, no que se indique o seguinte:

Autorizacións:

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan xuntando os correspondentes documentos.

En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

Supervisión:

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello

remitindo unha copia á deputación, ou si solicita asistencia a esta deputación para a súa realización ao abeiro da disposición adicional 2, apartado 12 do dito Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Fases:

No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86.3 do citado Real decreto legislativo 3/2011.

5.4 Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (ANEXO III)

O concello deberá acreditar que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a execución do investimento, e a Secretaría do concello informe se o concello conta coa dispoñibilidade deses terreos.

5.5 Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO IV)

A memoria deberá conter como mínimo os seguintes aspectos:

- Obxectivos que se han de alcanzar no período. Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do Plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestrutura e equipamento local.
- Criterios de selección. Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección dos investimentos e a distribución do seu financiamento.
- Financiamento. Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.
- Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.

5.6 Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2016 (ANEXO V)

No suposto de que o concello opte por destinar parte da cantidade asignada ao financiamento dos gastos correntes do concello previstos para o exercicio 2016, a Intervención ou Secretaría-Intervención deberá elaborar un informe segundo o modelo que figura como Anexo V, no que se detalle a previsión orzamentaria para o exercicio 2016 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.2.

No dito Anexo o concello debe indicar os datos correspondentes aos servizos que desexe, sempre que cubran o importe da achega provincial que o concello vai aplicar a esta finalidade, sen que cumpra cubrir os datos de todos os servizos.

6. APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o Pleno da Deputación poderá aprobar o Plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos, tanto no apartado de POS-investmentos, como de POS- gastos correntes, como do Plan complementario. O Plan poderá aprobarse nunha ou en varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da Deputación.

O Plan que se aprobe poderá ser o resultado de axustes ou reprogramacións de importes ou anualidades e a el aplicaráselle como “criterio de prioridade” a poboación dos concellos, de xeito que terán preferencia as solicitudes presentadas polos concellos de menor poboación.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e da Subdelegación do Goberno. Ademais, remitiráselle para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os dez días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentasen alegacións nin se emitise o informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se aprobe, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras ou subministracións previstas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7. CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os concellos contratarán os investimentos de acordo co Texto refundido da lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, e coa finalidade de poder aplicar no mesmo ano os remanentes que se xerasen tras a adxudicación dos

investimentos, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan ata o 1 de outubro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución da Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Porén, no caso de que a aprobación do Plan se produza por fases ao longo do ano 2016 ou 2017, a Deputación poderá establecer outras datas para a contratación das obras.

Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá remitirle a esta Deputación de xeito telemático a seguinte documentación:

- a listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido
- a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- o documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse ademais a seguinte documentación :

- a xustificación da publicidade da licitación ou da consulta a empresas
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- o informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas ou, no seu caso, apartado do prego vixente

No caso de adxudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración-factor prezo, ou con multiplicidade de criterios de valoración, deberá presentarse ademais a seguinte documentación:

- a xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- o informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas

No caso de que fosen executadas pola propia Administración, deberá presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto legislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

As baixas que se produzan na adxudicación das obras, destinaranse a minorar a achega municipal se existise ata anular, se fose posible, a dita achega. O restante da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación.

8. EXECUCIÓN DO INVESTIMENTOS

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou ao prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a

execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se para a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou doutro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

9 . PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pagamento da achega da Deputación realízase segundo se indica a continuación para a execución de obras e subministracións e para o financiamento dos gastos correntes. Nos dous casos, a Deputación acreditará previamente de oficio que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

9. 1 Obras e submistracións

O pagamento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente que o concello presente na Deputación de xeito telemático. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000 €.

Dende o inicio das obras ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel o outra do cartel da obra e o seu contorno, o cal será requisito indispensable para que esta Deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañará a primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberá achegarse a acta de comprobación da implantación e coa derradeira certificación de execución deberá achegarse a correspondente "acta de recepción".

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente xunto coa acta de recepción.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) e 37.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación expedida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados o 1 de novembro de 2017. Excepcionalmente, o concello poderá solicitar una prórroga para o seu remate, de acordo coas instrucións que se lle remitirán máis adiante, que se concederá no seu caso mediante resolución de Presidencia.

9. 2 Gastos correntes

No suposto de que o concello destinase parte da achega provincial ao financiamento dos seus gastos correntes, a Deputación, logo de ver o informe de previsión de gastos da Intervención ou Secretaría-Intervención, transferiralle ao concello con carácter de “prepagable”, o importe da cantidade indicada sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar polo concello para o exercicio 2016.

Unha vez feitos os pagamentos, os concellos deberán presentar telematicamente na Deputación, ata o 31 de marzo de 2017, un informe xustificativo dos pagamentos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, no que se detallen os pagamentos efectuados e os dereitos recoñecidos por subvencións finalistas para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como Anexo VI. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante resolución da Presidencia.

O importe dos pagamentos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tivesen outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. O concello queda obrigado a facilitarlle canta información lle sexa requirida á Deputación. No caso de que o importe dos pagamentos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10 . INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Presidencia da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2016

D. / Dna.

secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/2015, adoptou o seguinte acordo:

1. "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES			
T O T A L			

2. Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
TOTAIS	

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, das augas e das servidumes para a execución dos investimentos, así como resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facerlle fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbese.

5. Solicitalle á Deputación Provincial da Coruña que delegue neste Concello a contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada de producirse efectivamente.

6. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que si que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegar o detalle de cada unha delas coa acreditación de que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

7. Autorizar a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, o ____ de _____ de 2015.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016
ANEXO II
INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.3 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que fosen precisas, deberán detallarse e acreditarse documentalmente que o concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos. En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa a obra, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello e remitíndolle unha copia á Deputación ou solicitándolle asistencia a esta Deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma)

OBRA COMPLETA

(No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

ANEXO III

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.4 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico xurídico para o investimento indicado:

INFORME TÉCNICO

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento e poderá achegar a documentación precisa)

INFORME XURÍDICO

(A Secretaría do Concello informará de se o devandito Concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA
MUNICIPAL (POS) 2016

ANEXO IV

MEMORIA DO PLAN

CONCELLO	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	

De acordo co esixido na base 5.5 das reguladoras do Plan, emítase esta memoria do Plan:

OBXECTIVOS DO PLAN

(Deberanse describir os obxectivos que se han de alcanzar durante o período do plan, tendo en conta, moi especialmente os déficits en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

(Deberanse fixar con carácter obxectivo os criterios de selección do investimentos e a distribución do seu financiamento.)

FINANCIAMENTO

(Analizarase e xustificarase o plan financeiro previsto.)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior.)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016

ANEXO V

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA –INTERVENCIÓN DO
CONCELLO SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS CORRENTES 2016

CONCELLO	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

SERVIZO MUNICIPAL DO Artigo 26 da Lei 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2016 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS ORZAMENTO 2016 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2016 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

SERVIZO MUNICIPAL DO Artigo 26 da Lei 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS ORZAMENTO 2016 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS ORZAMENTO 2016 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2016 (A-B)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE
COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016**

ANEXO VI

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CONCELLO
XUSTIFICATIVO DOS PAGOS DE GASTOS CORRENTES REALIZADOS NO 2016**

CONCELLO	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2016 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓN FINALISTAS 2016 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2016 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2016 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓN FINALISTAS 2016 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2016 (A-B)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Intereses de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
TOTAL				

29. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

1º Aprobar as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º Condicionar a aprobación definitiva destas bases á existencia de crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación do orzamento provincial.

BASES REGULADORAS PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

1. DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan de acción social (PAS) 2015” é un Plan da Deputación Provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente se vai financiar cunha achega provincial por importe de 33.000.000 € no exercicio 2015 para novos investimentos e coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos seus investimentos.

Achega provincial novos investimentos	33.000.000 €
--	--------------

Está previsto que nun expediente de modificación de créditos que se aprobe neste ano 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do orzamento provincial a cantidade de 33.000.000 € para o financiamento dos novos investimentos dentro deste Plan.

Por outra banda, inclúense tamén neste Plan investimentos por importe de 3.114.918,83 € para os que algúns concellos pidiran unha subvención nominativa que xa tiña crédito aprobado no orzamento provincial na correspondente partida, pero que non fora aprobada.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos no que se consigne o importe necesario para realizar a achega provincial para o financiamento deste Plan e, polo tanto, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes en canto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2. FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que son competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a

cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste Plan é cooperar cos concellos na realización de investimentos “financeiramente sostibles” e que teñan na súa maior parte un “carácter social”, no sentido de iren destinados a mellorar as condicións de vida da poboación, nomeadamente da infancia, da mocidade, das mulleres, das persoas maiores, das persoas con diversidade funcionais e necesidades especiais e doutros colectivos que necesiten de especial apoio e protección.

2.1 Investimentos “financeiramente sostibles”

Polo que se refire ao aspecto de realización de investimentos “financeiramente sostibles”, dado que está previsto que este Plan se financie na anualidade 2015 con cargo ao superávit orzamentario, os investimentos que soliciten os concellos deben cumprir os requisitos fixados para os investimentos “financeiramente sostibles” na disposición adicional decimosexta da Lei reguladoras das facendas locais engadida polo Decreto-lei 2/2014, do 21 de febreiro (BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014).

A dita disposición adicional décimo sexta da Lei reguladoras das facendas locais concreta os requisitos obxectivos, subxectivos e formais dos investimentos “financeiramente sostibles” que poden financiarse con superávit orzamentario, para os efectos do sinalado na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

De acordo con tales disposicións, os investimentos financeiramente sostibles que se soliciten dentro deste Plan deben cumprir os seguintes requisitos:

- A) Deben ser obras de competencia municipal, segundo o establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (BOE nº 312 do 30 de decembro de 2013).
- B) Deben ter reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, de entre os programas previstos na Orde EHA do 3 de decembro de 2008, modificada pola Orde HAP do 14 de marzo de 2014, co que os programas actualizados son os seguintes:

- 160. Rede de sumidoiros
- 161. Abastecemento domiciliario de auga potable
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165. Alumeado público
- 172. Protección e mellora do medio natural
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422. Industria
- 425. Enerxía
- 431. Comercio
- 432. Información e promoción turística
- 441. Transporte de viaxeiros
- 442. Infraestruturas do transporte

- 452. Recursos hidráulicos
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada
- 491. Sociedade da información
- 492. Xestión do coñecemento

Tamén se poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10.000.000 de € e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 153. Vías públicas
- 171. Parques e xardíns
- 336. Protección e xestión do Patrimonio histórico-artístico
- 453. Estradas
- 454. Camiños veciñais
- 933. Xestión do patrimonio (só aplicable aos gastos de rehabilitación e conservación)

Quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, instrumental e vehículos, agás os destinados á prestación do servizo público de transporte.

- C) Deben ser obras cun orzamento mínimo de 30.000 € ,IVE incluído, cunha vida útil superior a cinco anos e cuxa execución, mantemento e liquidación deben permitir darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.
- D) En todo caso, deben ser investimentos para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse, e o concello deberá acreditar documentalmente que xa conta con elas ou que as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos.

2.2 Investimentos “de carácter social”

No tocante á realización de investimentos que teñan na súa maior parte un “carácter social”, o obxecto prioritario do Plan é cooperar cos concellos na realización de investimentos destinados a mellorar as condicións de vida da poboación, nomeadamente da infancia, da mocidade, das mulleres, das persoas maiores, das persoas con diversidade funcional e necesidades especiais e doutros colectivos que necesiten de especial apoio e protección.

Deseguido se indican, a modo de exemplo, investimentos de competencia municipal que poden solicitar os concellos, que sexan á vez financeiramente sostibles, con baixos custos de mantemento, e de carácter social, sen prexuízo de que poida incluírse outro tipo de investimentos sempre e cando xustifique o concello a súa competencia e o seu carácter social nos informes que se acheguen coa solicitude:

- Acondicionamento de parques, xardíns e espazos públicos abertos, preferentemente cubertos para protexerse da chuvia, destinados ao lecer da poboación (nomeadamente da infancia, da mocidade e das persoas maiores), dotados de bancos, de papeleiras, de xogos e de elementos recreativos, así como doutro mobiliario axeitado (Programa 171).
- Investimentos destinados á eliminación das barreiras arquitectónicas en espazos públicos, como son a realización de ramplas ou pavimentos adaptados nas beirarrúas; ao acondicionamento de aparcadoiros reservados para persoas con diversidade funcional e necesidades especiais; ou á adaptación de edificios públicos, mediante a instalación de ascensores, plataformas elevadoras, aseos adaptados etc., de conformidade coa lexislación vixente (Programa 153, 933 ou o que corresponda).
- Obras de rehabilitación e conservación de instalacións deportivas e culturais de titularidade municipal coas que xa conte o concello, non novas instalacións (Programa 933).
- Marquesiñas situadas á beira das rúas, estradas ou camiños, nos lugares das paradas de autobuses, para que a poboación poida resgardarse (Programa 153, 453 ou 454 segundo o caso).
- Outros investimentos de competencia municipal e financeiramente sostíbeis que encaixen nos programas orzamentarios indicados e que teñan carácter “social” e así se xustifique no correspondente informe que se achegue coa solicitude.

2.3 Solicitude de investimentos

Tendo en conta o exposto, o concello poderá solicitar a realización de novos investimentos dentro deste Plan do seguinte xeito:

- Como mínimo o 60 % da achega provincial asignada ao concello destinarase á realización de investimentos financeiramente sostíbeis que teñan “carácter social” segundo se define nos parágrafos anteriores.
- O 40% restante poderá destinarse á realización de máis investimentos financeiramente sostíbeis que teñan carácter social ou a calquera outro investimento financeiramente sostíbel que sexa de competencia municipal.

Non obstante, aqueles concellos que teñan subvencións nominativas para a execución de investimentos por un importe total de 3.114.918,83 €, solicitados pendentes de aprobar pero co crédito correspondente á achega da Deputación incluído no orzamento provincial, deberán solicitar a inclusión dese investimento neste Plan. Unicamente será de aplicación a esixencia de dedicar o 60% a fins sociais á cantidade asignada para novos investimentos. Se o concello non quere executar este investimento para o que tiña solicitado unha subvención nominativa, deberá indicalo

expresamente na súa solicitude. A dita solicitude de subvención nominativa quedará anulada e o concello pasará a incluírse no Plan polo importe que lle corresponda.

No caso de subvencións nominativas para a realización de actividades cun crédito aprobado por un importe total de 1.591.666,38 € pero co correspondente expediente pendente de aprobación na data da realización dos cálculos, o concello realizaraas á marxe deste Plan.

Os proxectos e pregos de prescricións técnicas deberanse presentar para todas as obras e subministracións incluídas tanto no Plan base como no Plan complementario ao que se fai referencia máis adiante.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por persoal técnico competente.

Lémbrese que non se admiten as denominacións xenéricas e que deben ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integren no Plan.

3. DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na base 4.

4. FINANCIAMENTO

No financiamento deste Plan participarán a Deputación e, no seu caso, os concellos que voluntariamente realicen achegas a este Plan.

4.1 Achega provincial

De acordo co que se indica na base 1, está previsto que no vindeiro expediente de modificación de créditos que se aprobe neste ano 2015 poida consignarse nas partidas de aplicación do orzamento provincial a cantidade de 33.000.000 € procedente do superávit orzamentario, para o financiamento de novos investimentos dentro deste Plan.

A cantidade que se lle asigna a cada concello, calcúlase mediante a aplicación ao importe total de 33.000.000 €, das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizaron para realizar as asignacións de fondos do POS e que son as seguintes:

- 10 % cota fixa
- 5 % esforzo fiscal
- 15 % número de parroquias
- 35 % poboación (rural para os concellos de máis de 50.000 habitantes)
- 35 % superficie

No caso de concellos fusionados sumárase o importe que lles correspondería aos concellos separadamente antes da fusión.

Por outra banda, inclúense tamén neste Plan investimentos por importe de 3.114.918,83 € para os que algúns concellos pediran unha subvención nominativa que xa tiña crédito aprobado no orzamento provincial na correspondente partida, pero que non fora aprobada.

4.2 Achega municipal

A achega do concello para novos investimentos é voluntaria. Para cada investimento deberase indicar individualmente a parte que se financia con cargo á Deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación na obra, o concello se beneficiará da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala mantendo no posible a achega da Deputación. Non obstante, no caso das subvencións nominativas, a baixa distribuirase aplicando o seu coeficiente de financiamento.

No caso de subvencións nominativas con crédito aprobado que o concello solicite dentro deste Plan cando estaba prevista unha achega do concello para completar o orzamento do proxecto, o concello deberá realizala sen prexuízo de que se aplique para o seu financiamento parte da achega que lle foi asignada para novos investimentos.

4.3 Plan complementario

A Deputación aprobará o Plan base xunto cun Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar, só na adxudicación dos novos investimentos.

Polo tanto, o concello debe prever no seu momento as obras ou subministracións que desexa realizar de produciéndose remanentes por baixas na adxudicación dos contratos ou anulárense os investimentos novos. De non ser así, non se poderán aplicar no concello os remanentes que se poidan producir.

O orzamento mínimo dos proxectos tamén é de 30.000 €, IVE incluído, e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, se é o caso, polas anulacións de obras. O concello poderá realizar no seu momento unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

Os investimentos que se soliciten no Plan complementario tamén deben ser financeiramente sostibles e ter todos carácter social, segundo se define na base 2.

De incluír o concello varias obras ou subministracións no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquela á que lle vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no Plan.

5. FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para a presentación telemática da solicitude cumprirá dispoñeren de sinatura electrónica as persoas titulares da Secretaría e da Alcaldía para asinaren a documentación achegada, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 20 de outubro de 2015 e rematará ás 14.00 horas do 18 de decembro de 2015.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse telematicamente é a que deseguido se indica:

5.1 Certificado do acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do pleno do concello, segundo o modelo que figura como ANEXO I destas bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas bases e se aprobe a solicitude a realizar coa indicación do destino da achega provincial asignada ao concello, cos datos dos investimentos financeiramente sostibbles que se van realizar e co detalle do seu financiamento.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito abondo para o financiamento da achega municipal ás obras ou subministracións se voluntariamente existe achega do concello.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos e coas autorizacións necesarias para a execución dos investimentos.

No acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, tanto dos investimentos do Plan base como do Plan complementario, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

No caso das obras, os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 123 do citado Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que son os seguintes:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a situación previa ás devanditas obras, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada detallando os factores de todo tipo a ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas e particulares, onde se fará a descrición das obras e se regulamentará a súa execución, con expresión da forma na que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que lle correspondan ao contratista, a maneira na que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, se é o caso, do estado de medicións e dos detalles precisos para a súa valoración.

No caso de incluír “partidas alzadas”, o seu importe total non poderá superar o 5 % do orzamento de execución material do proxecto.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos cuantificado ou plan de obra de carácter indicativo con previsión, se é o caso, do tempo e do custo.

f) O estudo de seguridade e saúde ou, se é o caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

g) O estudo de xestión de residuos de construción e demolición no que se faga unha estimación da cantidade dos residuos xerados e unha valoración do custe previsto para a súa xestión, que deben figurar en capítulo independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro (BOE nº 38 do 13 de febreiro de 2008).

- h) As referencias de todo tipo nas que se fundamentará o implantamento da obra.
- i) Non se farán referencias a marcas concretas en ningún documento do proxecto.
- j) Canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír cando menos os seguintes documentos:

- a) Memoria descritiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada.
- b) Un orzamento desagregado no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas pero sen facer referencia a marcas, con expresión dos prezos de cada elemento, do número de unidades e do desagregado do imposto sobre o valor engadido (IVE).
- c) Lugar e prazo de entrega.
- d) Documentos gráficos, de seren necesarios para a correcta definición da subministración.

5.3 Informe técnico (ANEXO II)

Informe técnico individual para cada un dos investimentos solicitados, no que se indique o seguinte:

Autorizacións

O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberanse detallar e acreditar documentalmente achegando os correspondentes documentos conforme o concello xa conta con elas ou xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan.

En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa o investimento, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización.

Supervisión

Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou contido, de acordo co establecido no artigo 125 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser preciso, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado pola conta do concello remitindo unha copia á Deputación ou solicitándelle asistencia á Deputación para a súa realización, ao abeiro do apartado 12 da disposición adicional 2 do dito texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Fases

No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86.3 do citado Real decreto lexislativo 3/2011.

5.4 Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (ANEXO III)

O concello deberá acreditar que conta cos terreos necesarios para a execución dos investimentos, mediante a emisión dun informe conxunto no que o persoal técnico detalle os terreos necesarios para a súa execución e a Secretaría do concello informe de se o concello conta ou non coa dispoñibilidade deses terreos.

5.5 Memoria económica específica asinada pola Alcaldía (ANEXO IV)

Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada pola Alcaldía, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación.

Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

5.6 Informe da Intervención (ANEXO V)

A Intervención do concello emitirá un informe sobre os seguintes extremos:

- sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria económica da Alcaldía en relación coas esixencias da norma
- se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles indicando as partidas orzamentarias de imputación de entre as sinaladas na base 2
- e sobre se o concello cumpre co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado.

5.7. Informe xustificativo do carácter social do investimento (ANEXO VI)

- informe individual para cada un dos investimentos solicitados, no que se xustifique detalladamente o seu carácter social. Para os investimentos solicitados que non teñan carácter social, indicárase expresamente esta circunstancia e que o seu orzamento xunto cos dos demais investimentos que non teñen carácter social non excede do 40% da achega provincial asignada. Este informe será asinado pola Alcaldía.

Non obstante, ábrese un prazo intermedio ata as 14.00 horas do 6 de novembro de 2015 para aqueles concellos que teñen unha subvención nominativa para a execución de investimentos que xa tiñan crédito aprobado no orzamento provincial na correspondente partida, pero que non fora aprobada, e que teña que incluírse neste Plan. Dentro deste prazo os concellos poderán presentar a documentación administrativa e técnica pendente de achegar que se concreta no acordo en materia de xestión orzamentaria adoptado polo pleno da Deputación en sesión realizada o 25 de maio de 2012 (BOP nº 119 do 25 de xuño de 2012), así como os modelos que figuran como Anexo I, II e III.

6. APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o pleno da Deputación aprobará o Plan partindo das solicitudes presentadas polos concellos e incluírá tanto os investimentos do Plan base como os que se inclúan no Plan complementario. O Plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez acreditada a dispoñibilidade orzamentaria adecuada e suficiente.

Unha vez aprobado, o Plan someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e seralle remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os dez días de exposición pública, dende a solicitude de informe sen que se presentasen alegacións nin se emitise informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional que máis adiante se elabore, financiado coas baixas de licitación ou anulacións das novas obras, e que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e, en consecuencia, se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras ou as subministracións previstas no Plan complementario de aqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7. CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

Os concellos contratarán os investimentos de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou mediante procedemento negociado, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan ata o 1 de outubro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución da Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Unha vez adxudicados os investimentos deberá remitirse a esta Deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- listaxe cos datos de adxudicación dos investimentos debidamente cubertos no modelo establecido
- certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos

No caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse ademais a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a empresas
- relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas ou, no seu caso, apartado do prego vixente

No caso de adxudicación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) ou con multiplicidade de criterios de valoración, deberá presentarse ademais a seguinte documentación:

- xustificación da publicidade da licitación
- a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
- informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada as ofertas presentadas

No caso de que fosen executadas pola propia Administración, deberá presentarse o informe da Secretaría do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

As baixas que se produzan na adxudicación das obras destinaranse a minorar a achega municipal se existise ata anular, se fose posible, a dita achega. O restante da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación. Non obstante, no caso das subvencións nominativas, a baixa distribuirase aplicando o seu coeficiente de financiamento.

8. EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS

As obras executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se para a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

9. PAGAMENTO DA ACHEGA PROVINCIAL

O pagamento da achega da Deputación realizarase segundo se indica a continuación, unha vez que a entidade pagadora verifique que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación.

O pagamento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas das subministracións aprobadas polo órgano municipal competente que o concello presente na Deputación de xeito telemático. Procurarase que as certificacións de execución de obras sexan por un orzamento superior aos 6.000 €.

Dende o inicio das obras e ata a súa recepción deberase colocar o cartel oficial debidamente cuberto e acreditarse isto mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel o outra do cartel da obra e da súa contorna, o cal será requisito indispensable para que esta Deputación lle transfira ao concello o importe da achega provincial ao Plan. Esta documentación acompañará a primeira certificación de execución das obras.

Xunto coa primeira certificación deberase achegar a “acta de comprobación da implantación” e coa derradeira certificación de execución, deberase achegar a correspondente “acta de recepción”.

Para as subministracións, deberá achegarse a factura co detalle da subministración, segundo figura no prego de prescricións técnicas, aprobada polo órgano municipal competente canda á acta de recepción.

Así mesmo, e de conformidade co establecido nos artigos 19.3, 34.3, 37.1 e) y 37.3 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase acompañar a certificación expedida polo órgano competente do concello da percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais co fin de verificar que a concorrencia non supera o custo da actuación subvencionada.

Todos os investimentos deberán estar terminados o 1 de novembro de 2017. Excepcionalmente, o concello poderá solicitar una prórroga para o seu remate, de acordo coas instrucións que se lle remitirán máis adiante, que se concederá no seu caso mediante resolución da Presidencia.

10. INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Presidencia da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL PAS 2015

D. / Dña. _____
secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día __/__/2015, adoptou o seguinte acordo:

1. "Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL			

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL			
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS			
T O T A L			

2. Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de <u>carácter social</u>	Orzamento
TOTAIS	

3. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, das augas e das servidumes para a execución dos investimentos, así como resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4. Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facerlle fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan, se as houbese.

5. Solicitalle á Deputación Provincial da Coruña que delegue neste Concello a contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada de producirse efectivamente.

6. Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que si que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegar o detalle de cada unha delas coa acreditación de que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.

7. Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en _____, o ____ de _____ de 2015.

V. pr.
A Alcaldía

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015
ANEXO II
INFORME TÉCNICO SOBRE O INVESTIMENTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.3 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o investimento indicado:

AUTORIZACIÓNS

(O informe deberá indicar expresamente que o investimento non precisa de ningunha autorización ou, no caso de que sexan precisas, deberán detallarse e acreditarse documentalmente que o Concello xa conta con elas ou que xa as solicitou antes do remate do prazo de presentación da solicitude deste Plan, xuntando os correspondentes documentos. En todo caso, cando se acheguen en calquera momento as autorizacións que precisa a obra, deberá indicarse nun informe técnico se o proxecto cumpre coas condicións contidas, no seu caso, na dita autorización)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do concello e remitíndolle unha copia á Deputación ou solicitándolle asistencia a esta Deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma)

OBRA COMPLETA

(No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da lei de contratos do sector público)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Outras cuestións de interese. Debéranse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

ANEXO III

INFORME TÉCNICO-XURÍDICO SOBRE A DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.4 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico-xurídico para o investimento indicado:

INFORME TÉCNICO

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa)

INFORME XURÍDICO

(A Secretaría do concello informará acerca de se o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento)

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015
ANEXO IV
MEMORIA ECONÓMICA DA ALCALDÍA ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.5 das reguladoras do Plan, emítase esta memoria económica en relación co investimento indicado:

1. PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS

(Previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou da redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do Concello

2. PROYECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS

(Proyección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

“Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros”

Opción B) no suposto de que se considere que vaia ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes:

“Na seguinte táboa detállanse as previsión dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos e mais sobre o orzamento de gastos, así como o resultado previsible durante os anos da súa vida útil”.

	2016	2017	2018		Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015
ANEXO V
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA INTERVENCIÓN ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.6 das reguladoras do Plan, emítese este informe en relación co investimento indicado:

1. CONSISTENCIA E SOPORTE DAS PROXECCIÓN DA MEMORIA DA ALCALDÍA

Breve análise da memoria específica da Alcaldía sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación.

2.- ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

(Análise sobre se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas orzamentarias de imputación)

- Competencia municipal
- Indicación sobre se o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (de entre os previstos nas bases) e aplicación orzamentaria de aplicación
- Indicación de se o investimento supera ou non os 10.000.000 e de se supón ou non incremento dos capítulos 1 e 2 do orzamento de gastos
- Indicación da súa vida útil (debe ser superior a cinco anos)
- Previsión sobre o prazo de execución e xustificación
- Indicación de que consta no expediente memoria económica da Alcaldía sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:

O proxecto arriba indicado, cumpre/non cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible.

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

ANEXO VI

INFORME XUSTIFICATIVO DO CARÁCTER SOCIAL OU NON DO INVESTIMENTO

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	

De acordo co esixido na base 5.7 das reguladoras do Plan, emítese informe xustificativo do investimento solicitado:

INFORME NO QUE SE XUSTIFICA DETALLADAMENTE O CARÁCTER SOCIAL DO INVESTIMENTO SOLICITADO (este informe será asinado pola Alcaldía)

INFORME PARA O INVESTIMENTO SOLICITADO QUE NON TEÑA CARÁCTER SOCIAL (neste caso indicárase expresamente que non ten carácter social e que o seu orzamento xunto cos demais investimentos que non teñen carácter social non excede do 40 % da achega provincial asignada)

30.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

Vista a proposta de modificación das Bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, asinada o 24 de setembro de 2015 pola presidenta da Comisión Informativa de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios e Normalización Lingüística desta Deputación Provincial relativa a “modificar as Bases Reguladoras do PAI 2015 no sentido de que se inclúa un Plan complementario para que a Deputación poida aprobar un Plan adicional no marco deste Plan complementario de xeito que os concellos poidan reinvestir os remanentes que se orixinen por baixas de adxudicación ou por anulacións de investimentos incluídos no Plan base, podendo o concello realizar unha maior achega para completar o orzamento mínimo do investimento que será, coma no Plan base, de 30.000 €. Ademais, coa finalidade de que os concellos poidan realizar as súas propostas de investimentos adaptadas a esta modificación das Bases, o prazo para presentar a documentación iniciárase o 20 de outubro e rematará ás 14.00 horas do 18 de decembro de 2015”.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Modificar as Bases Reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2014, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 231 do 2 de decembro de 2014, no sentido de incluír un Plan complementario para que a Deputación poida aprobar un Plan adicional no marco deste Plan complementario de xeito que os concellos poidan reinvestir os remanentes que se orixinen por baixas de adxudicación ou por anulacións de investimentos incluídos no Plan base, podendo o concello realizar unha maior achega para completar o orzamento mínimo do investimento que será, coma no Plan Base, de 30.000 €. Ademais, coa finalidade de que os concellos poidan realizar as súas propostas de investimentos adaptadas a esta modificación das Bases, o prazo para presentar a documentación iniciárase o 20 de outubro e rematará ás 14.00 horas do 18 de decembro de 2015”.

As bases afectadas por esta proposta serían as número 4, 5 e 6, que quedarían redactadas como se indica a continuación:

Base 4

Na base 4 introdúcese dous apartados.

O primeiro apartado (4.1) denomínase “Achega provincial” e o seu contido coincide coa redacción actual desta base.

O segundo apartado (4.2) denomínase “Plan complementario” e debe quedar coa seguinte redacción:

“4. FINANCIAMENTO

4.1 Achega provincial

.../...

4.2 Plan complementario

A deputación aprobará un Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, o concello debe prever os investimentos financeiramente sostibles que desexa realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións dos investimentos, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O orzamento mínimo dos proxectos tamén é de 30.000 €, IVE incluído, e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, se é o caso, polas anulacións de investimentos, podendo o concello realizar no seu momento unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

Se o concello inclúe varios investimentos financeiramente sostibles no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquel ao que vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no Plan.”

Base 5

Na base 5 modifícase o terceiro parágrafo relativo ao prazo de presentación das solicitudes, xa que se lle engade unha referencia ao prazo de presentación de solicitudes para o Plan complementario e se mantén o resto dos parágrafos.

“5. FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

.../...

As solicitudes correspondentes ao Plan complementario poderán presentarse dende o 20 de outubro de 2015 ata as 14.00 horas do 18 de decembro de 2015.

.../...”

Base 6

Na base 6 engádese un terceiro parágrafo relativo á aprobación do Plan adicional que se aprobe no marco do Plan complementario e mantense a redacción do resto dos parágrafos.

“6. APROBACIÓN DO PLAN

.../...

1. A aprobación do Plan adicional que máis adiante apobe a Deputación, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de investimentos que se xestionen no marco do Plan complementario, incluírá os investimentos previstos no Plan complementario de aqueles concellos para cuxo financiamento exista crédito”.

2. Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de dez días poidan presentarse as alegacións oportunas e de que se poidan proseguir as actuacións logo de que transcorra o dito prazo sen que se presentase ningunha alegación.

3. Remitirle o expediente para o coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e que se poidan proseguir as actuacións una vez transcorrido o dito prazo sen que se emitise ningún informe.

BASES REGULADORAS MODIFICADAS DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

1. DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 é un plan da Deputación provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia que previsiblemente se vai financiar cunha achega provincial por importe de 25.000.000 no exercicio 2015.

Achega provincial	25.000.000 €
-------------------	--------------

No orzamento provincial para o exercicio 2015, que previsiblemente vai aprobar o Pleno da Deputación na mesma sesión que as presentes bases, vaise consignar a cantidade de 25.000.000 € na partida 0430/ 9432/ 82120, destinada a esta finalidade.

Por iso, a aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do orzamento provincial para o exercicio 2015 e, polo tanto, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto que non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres que non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2. FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que son competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

A finalidade deste Plan é cooperar cos 93 concellos da provincia concedéndolles préstamos coas seguintes características:

- sen xuros
- con dous anos de carencia
- cun prazo de devolución de anos a partir do ano 2017, nos meses de xuño e novembro

- se o concello non devolve o importe que corresponda no prazo establecido, a Deputación poderá aplicarlle á compensación coas entregas a conta da recadación ou a calquera outra cantidade que a Deputación lle teña que aboar ao concello.

Tendo en conta que entre os principais problemas de moitos dos concellos están o seu alto grao de endebedamento e os custos de mantemento das súas infraestruturas, cada concello poderá destinar o importe do préstamo provincial asignado á "redución do seu endebedamento" e á "realización de investimentos financeiramente sostibles", en función do seu "nivel de endebedamento", calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

O concello deberá aplicarlle á reducir o seu endebedamento, como mínimo, un importe resultante de aplicarlle ao préstamo provincial asignado a través deste Plan, a porcentaxe do seu "nivel de endebedamento" definido no parágrafo anterior.

O préstamo provincial restante poderá destinalo, ben a reducir máis débeda municipal, ben á realización de investimentos financeiramente sostibles.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

O importe do préstamo provincial asignado ao concello que non teña que destinarse obrigatoriamente á redución da súa débeda, poderá destinarse ao financiamento de "investimentos financeiramente sostibles", segundo se definen na nova disposición adicional décimo sexta do citado Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, introducida pola disposición final primeira do Real decreto-lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se aproban medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e na costa cantábrica (BOE nº 46 do 22 de febreiro de 2014).

Segundo esta norma, os requisitos dos investimentos financeiramente sostibles son os seguintes:

Obras de reparación ou mantemento cunha vida útil superior a cinco anos e que teñan reflexo orzamentario nos grupos de programas que se concretan no primeiro parágrafo da citada nova disposición adicional décimo sexta da Lei de facendas locais, que son os seguintes:

- 161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas
- 162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos
- 165. Alumeado público
- 172. Protección e mellora do medio natural
- 412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos
- 422. Industria
- 425. Enerxía

- 431. Comercio
- 432. Ordenación e promoción turística
- 441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte
- 442. Infraestruturas do transporte
- 452. Recursos hidráulicos
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada
- 491. Sociedade da información
- 492. Xestión do coñecemento

Tamén poderán corresponder cos seguintes programas do segundo parágrafo desta norma, pero coa indicación de que cando o gasto sexa superior a 10.000.000€ e supoña incremento dos capítulos 1 e 2 dos estados de gastos vinculados aos proxectos de investimentos, requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento
- 155. Vías públicas
- 171. Parques e xardíns
- 336. Protección do Patrimonio histórico-artístico
- 453. Estradas
- 454. Camiños veciñais
- 933. Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público (só os adscritos a servizos públicos que non correspondan cos contemplados nos restantes programas da estrutura orzamentaria local)

En todo caso, deben ser obras cun orzamento mínimo de 30.000 € para as que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións ou, no caso de que sexan precisas, contén con elas xa no momento da solicitude, o que deberá acreditarse documentalmente tal e como se indica na base 5.

En canto as subministracións, quedan expresamente excluídas as adquisicións de mobiliario, instrumental e vehículos, agás os destinados á prestación do servizo público de transporte.

3. DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 93 concellos da provincia.

4. FINANCIAMENTO

4.1 Achega provincial

O presente plan anual para o exercicio 2015 financiarao integramente a Deputación con cargo aos seus propios recursos.

Segundo se indica na base 1, está previsto que no orzamento provincial para o exercicio 2015 se consigne a cantidade de 25.000.000 € na partida 0430/9432/82120 para o financiamento deste Plan.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de préstamo provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican:

10 %	Cota fixa
20 %	Esforzo fiscal
10 %	Número de parroquias
30 %	Poboación total
30 %	Superficie

No caso de concellos fusionados, calcularase o importe que lles correspondería aos concellos separadamente antes da fusión e o resultado incrementarase nun 20 %.

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 93 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de préstamo provincial que se lles asigna a cada un deles e que se lle transferirá aos concellos na forma establecida na base 8.

4.2 Plan complementario

A Deputación aprobará un Plan complementario para aplicar os remanentes que se poidan orixinar.

Polo tanto, o concello debe prever os investimentos financeiramente sostibles que desexe realizar para o caso de que se produzan remanentes por baixas na adxudicación dos contratos, ou por anulacións dos investimentos, de non ser así non se poderán aplicar os remanentes que se poidan producir no concello.

O orzamento mínimo dos proxectos tamén é de 30.000 €, IVE incluído, e para o seu financiamento poderanse utilizar os remanentes producidos polas baixas de adxudicación ou, se é o caso, polas anulacións de investimentos, podendo o concello realizar, no seu momento, unha maior achega para completar o orzamento do proxecto mínimo se fose necesario.

Se o concello inclúe varios investimentos financeiramente sostibles no Plan complementario, poderá decidir no seu momento aquel ao que lle vai aplicar os remanentes xerados con independencia da súa orde de relación no Plan.

5. FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña www.dicoruna.es. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible dispoñeren de sinatura electrónica as persoas titulares da Secretaría e da Alcaldía para asinar a

documentación achegada, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o 7 de xaneiro de 2015 e rematará ás 14.00 horas do día 18 de febreiro de 2015. As solicitudes correspondentes ao Plan complementario poderán presentarse dende o 20 de outubro de 2015 ata as 14.00 horas do 18 de decembro de 2015.

A documentación administrativa e técnica será revisada e supervisada pola Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

A documentación que debe presentarse é a que deseguido se indica:

5.1 Acordo plenario (ANEXO I)

Certificación do acordo do Pleno do concello segundo o modelo que figura como ANEXO I destas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se aprobe a solicitude a realizar, coa indicación do destino do préstamo provincial asignado ao concello, cos datos da débeda que se vai diminuír e cos investimentos financeiramente sostibles que se van realizar no seu caso.

Igualmente, no devandito acordo autorízase a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pagamento.

Non obstante, os municipios de gran poboación formalmente acollidos ao réxime previsto na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, poderán adoptar o acordo de participación neste Plan polo órgano municipal que teña atribuída a competencia.

5.2 Documentación específica

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

- Informe sobre o nivel de endebedamento do concello (ANEXO II)

Coa finalidade de concretar o “nivel de endebedamento” do concello, a Intervención ou Secretaría-intervención deberá emitir un informe cos datos do volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

- Datos da débeda a reducir (ANEXO III)

A Intervención ou Secretaría–Intervención do concello deberá emitir un informe cos datos da débeda ou débedas concretas as que se vai aplicar o préstamo provincial para a súa amortización anticipada. O informe deberá conter, cando menos, os seguintes datos: entidade financeira, data do préstamo, código do préstamo, código da conta bancaria asociada ao préstamo, importe inicial, importe pendente, importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración e outros datos relevantes para a súa identificación.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

- Documentación técnica

Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (BOE nº 276 do 16 de novembro de 2011).

- Informe técnico (ANEXO IV)

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta. De precisárense autorizacións, deberá achegarse o correspondente documento acreditativo de que o concello xa conta con elas.

No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do citado Real decreto legislativo 3/2011.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000 €.

- Memoria económica específica asinada polo alcalde (ANEXO V)

Para cada investimento deberá presentarse unha memoria económica específica asinada polo alcalde, que conterá unha previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación.

Ademais, deberá conter a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil.

- Informe do interventor (ANEXO VI)

O interventor do concello emitirá un informe sobre os seguintes extremos:

- sobre a consistencia e soporte das proxeccións da citada memoria en relación coas esixencias da norma
- se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibiles, indicando as partidas orzamentarias de imputación
- e sobre se o concello cumpre co previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril; e no suposto de non cumprilo, se o investimento pode supoñer ou non gastos de mantemento e así queda acreditado no seu Plan económico-financeiro convenientemente aprobado

6. APROBACIÓN DO PLAN

Á vista da documentación presentada, o pleno da Deputación aprobará un Plan no que tomará como base as solicitudes presentadas polos concellos. O Plan poderá aprobarse nunha ou varias fases, unha vez coñecidas as posibilidades de financiamento da Deputación e acreditada a dispoñibilidade orzamentaria adecuada e suficiente.

Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas e seralle remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os dez días de exposición pública dende a solicitude de informe sen que se presentasen alegacións nin se emitise informe, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación do Plan adicional que máis adiante se aprobe pola Deputación, financiado coas baixas de licitación ou anulacións de investimentos que se xestionen no marco do Plan complementario, incluírá os investimentos previstos no Plan complementario daqueles concellos para cuxo financiamento exista crédito.

7. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS

Os concellos contratarán as obras de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, ben mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, ben mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración ou ben mediante procedemento negociado utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta Deputación. O concello debe cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

Excepcionalmente, as obras poderaas executar a propia administración de acordo co establecido no artigo 24 do citado texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Non se poderá realizar a adxudicación mediante contrato menor.

En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan, os concellos poderán adxudicar as actuacións incluídas no Plan ata o 1 de outubro de 2015. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante Resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

Unha vez adxudicadas as obras deberá remitirse á esta deputación, de xeito telemático, a seguinte documentación:

- listaxe das obras cos datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo que se enviará ao concello coa circular de contratación
- certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato
- documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- no caso de adxudicación mediante procedemento negociado, deberá presentarse a seguinte documentación:
 - xustificación da publicidade da licitación ou a consulta a tres empresas
 - relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
 - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios da adxudicación previstos na cláusula 15 en relación co Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada ás ofertas presentadas
- no caso de adxudicación mediante procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) ou con multiplicidade de criterios de valoración deberá presentarse a seguinte documentación:
 - xustificación da publicidade da licitación
 - a relación das ofertas presentadas cos seus respectivos importes
 - informe técnico xustificativo da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego de cláusulas administrativas, coa valoración aplicada as ofertas presentadas
- No caso de que fosen executadas pola propia Administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a acta de inicio das obras.

As obras executaranas os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou do prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 3/2011 citado. De calquera xeito, requirirase a redacción dun proxecto modificado que será aprobado polo concello.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

O concello deberá notificarlle á Deputación cunha antelación mínima de quince días a data prevista para realizar tanto a comprobación de implantación da obra, como a súa recepción, para que poida asistir un representante da Deputación de se considerar

conveniente. Non obstante, se no prazo de dez días contados dende o día seguinte ao de recepción desta comunicación a Deputación non comunica ao concello a designación do persoal técnico da Deputación que asistirá a ditos actos, o concello poderá realizalos sen a presenza de persoal da Deputación.

8. PAGAMENTO DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

A Deputación transferiralle o importe do préstamo provincial asignado a cada concello segundo se detalla a continuación:

A) REDUCCIÓN DO SEU ENDEBEDAMENTO

Despois da aprobación do Plan, a Deputación transferiralle directamente á entidade financeira na que o concello teña concertado o préstamo municipal que se vai amortizar co importe do préstamo provincial que o concello solicitou aplicarlle a esta finalidade, o que se lle comunicará oportunamente ao concello para o seu coñecemento.

B) REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES

Cando se reciban na Deputación os datos de adxudicación da obra, a Deputación transferiralle ao concello, con carácter de “prepagable”, o 50 % do préstamo provincial aplicado ao financiamento da obra, calculado sobre o orzamento de adxudicación de cada actuación.

Unha vez rematada a obra, o concello deberá presentar telematicamente a seguinte documentación:

- acta de comprobación da implantación
- derradeira certificación de execución da obra, coa súa relación valorada da totalidade das partidas executadas, debidamente aprobada polo órgano municipal competente
- dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido
- acta de recepción

Despois de revisar toda esta documentación, a Deputación transferiralle ao concello o segundo 50 % ou restante do préstamo provincial correspondente á obra executada sobre o orzamento de adxudicación.

Todas as obras deberán estar rematadas o 1 de outubro de 2016. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución de Presidencia tras a solicitude motivada do concello.

9. DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL

Os concellos deberán devolverlle á Deputación en dez anualidades o importe do préstamo provincial que lles foi transferido do ano 2017 ata o 2026. O importe anual a devolver será a décima parte do importe total transferido tanto para a redución do seu

endebedamento como para a realización de investimentos financeiramente sostibles e realizarase a finais de ano o axuste exacto da cantidade a devolver. Non obstante, o concello poderá anticipar a devolución do préstamo pendente, comunicándoollo previamente á Deputación.

A devolución realizarase mediante ingreso na conta da Deputación que se lles indicará aos concellos, a metade do importe anual ata o 30 xuño e a outra metade ata o 30 de novembro de cada ano.

No caso de que o concello non realice os ingresos que cumpran nos prazos establecidos, a Deputación poderá aplicarles aos concellos usuarios do servizo de recadación a compensación coas entregas a conta e aos demais concellos con calquera outro pagamento que a Deputación deba realizar ao respectivo concello.

10. INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015
ANEXO I
MODELO DE CERTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO

D. / Dna. _____
 secretario/a do Concello de _____

C E R T I F I C A : Que o Pleno municipal deste Concello na sesión realizada o día ___/___/2014, adoptou o seguinte acordo:

1º Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
TOTAL		

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
A) Redución de endebedamento	
B) Investimentos financeiramente sostibles	
TOTAL	

2º (Só no caso de solicitar aplicarlle o préstamo a investimentos financeiramente sostibles)

Declarar que o Concello conta cos terreos, coas autorizacións e coas concesións necesarios para a execución da obras.

3º (Só no caso de solicitar aplicarlle o préstamo a investimentos financeiramente sostibles cando exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito abondo para o seu financiamento.

4º Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles aos que se lle vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a suma total non supera o 100 % do seu importe.

5º Autorízase a Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde en , de de .

V. e pr.
O alcalde

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015

ANEXO II

INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA- INTERVENCIÓN DO CONCELLO
SOBRE O NIVEL DE ENDEBEDAMENTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do Plan e no marco do previsto no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítase este informe para calcular o nivel de endebedamento deste Concello:

A- Volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a longo prazo a 1 de xaneiro de 2015	
B- Ingresos correntes liquidados ou devindicados no exercicio inmediatamente anterior	
Nivel de endebedamento a longo prazo do concello (A / B)	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015
ANEXO III
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA- INTERVENCIÓN DO CONCELLO
COS DATOS DA DÉBEDA A REDUCIR

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe cos datos da débeda reducir:

Entidade financeira	
Data do préstamo	
Número ou código do préstamo	
Código da conta bancaria asociada	
Importe inicial do préstamo	
Importe pendente	
Importe do préstamo provincial que se aplica á súa minoración	
Outros datos	

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015
ANEXO IV
INFORME TÉCNICO SOBRE O PROXECTO

CONCELLO DE	
DATA DO INFORME	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE EMITE O INFORME	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
ORZAMENTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o proxecto indicado:

TERREOS E AUTORIZACIÓNS

(A dispoñibilidade dos terreos, as autorizacións administrativas que se precisen para a súa execución e outros aspectos de interese que deban terse en conta. Se non se necesita autorización ningunha deberá indicarse expresamente)

SUPERVISIÓN TÉCNICA

(Deberá indicarse se é preceptivo realizar a supervisión técnica do proxecto polo seu orzamento ou polo seu contido, de acordo co establecido no artigo 125 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público. No caso de ser precisa, deberá indicarse se o informe de supervisión vai ser realizado por conta do Concello remitindo unha copia á Deputación, ou se se lle solicita a asistencia a esta Deputación para a súa realización, ao abeiro da disposición adicional 2.12 da citada norma)

OBRA COMPLETA

(No caso de tratarse de fases, treitos, partes etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa susceptible de utilización ou aproveitamento separado que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público)

OUTRAS CUESTIÓNS

(Outras cuestións de interese. Deberanse recoller cantos aspectos de interese complementen a información anterior)

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015
ANEXO V
MEMORIA ECONÓMICA DO ALCALDE
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA A MEMORIA	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
ORZAMENTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do Plan, emítese esta memoria económica en relación co proxecto indicado:

1. PREVISIÓN DE GASTOS E INGRESOS (previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou da redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación)

- Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza

- Vida útil estimada

- Previsión de ingresos

- Previsión de gastos

- Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública do Concello.

2. PROYECCIÓN DOS EFECTOS ORZAMENTARIOS E ECONÓMICOS (proyección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte temporal da súa vida útil)

Opción A) se non ten consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

“Sen consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros”

Opción B) no suposto de que se considere que vaia ter consecuencias orzamentarias ou económicas relevantes

“Na seguinte táboa detállanse as previsións dos efectos deste investimento sobre o orzamento de ingresos, sobre o orzamento de gastos e o resultado previsible durante os anos da súa vida útil”

	2015	2016	2017		Ano final da súa vida útil
Efectos sobre Orzamento de ingresos (+ -)					
Efectos sobre Orzamento de gastos (+ -)					
Resultado previsible (+ -)					

PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015
ANEXO VI
INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA INTERVENCIÓN
ESPECÍFICA DE CADA INVESTIMENTO SOLICITADO

CONCELLO DE	
DATA	
NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME	
DENOMINACIÓN DA OBRA	
ORZAMENTO DA OBRA	

De acordo co esixido na base 5.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe en relación co proxecto indicado:

1. CONSISTENCIA E SOPORTE DA PROXECCIÓN DA MEMORIA DO ALCALDE (previsión dos gastos de mantemento, dos posibles ingresos ou a redución de gastos que poida xerar durante a súa vida útil, coa finalidade de acreditar que o investimento permite durante a súa execución, mantemento e liquidación darlle cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación)

Breve análise da memoria específica do alcalde sobre este investimento e a súa consistencia e fundamentación, con especial referencia ás conclusións sobre se este investimento permitirá durante a súa execución, mantemento e liquidación dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública da corporación.

2. ANÁLISE DA CONSIDERACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES (análise sobre se os investimentos solicitados reúnen os requisitos para ser considerados financeiramente sostibles, indicando as partidas orzamentarias de imputación)

- indicación sobre se o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- indicación da súa imputación orzamentaria: clasificación económica, grupo de programa (de entre os previstos nas bases) e aplicación orzamentaria de aplicación
- indicación de se o investimento supera ou non os 10 millóns de euros e si supón ou non incremento do capítulo 1 e 2 do orzamento de gastos
- indicación da súa vida útil (debe ser superior a cinco anos)
- previsión sobre o prazo de execución e xustificación
- indicación de que consta no expediente memoria económica do alcalde sobre a proxección dos efectos orzamentarios e económicos da súa vida útil

Conclusión:

O proxecto arriba indicado, cumpre/non cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible

31. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN LUBRE DO CONCELLO DE ARES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2014 CO CÓDIGO 14.2101.0303.0.

Logo de ver a resolución da Presidencia desta Deputación nº 25788, do 22 de decembro de 2014, en relación co acordo do Pleno desta Deputación do 28 de marzo de 2014, pola que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Ares un proxecto modificado desta obra sen variación económica e logo de presentarllo telematicamente a esta Deputación, canda aos correspondentes informes xurídicos e técnicos favorables relativos á dita aprobación.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 206, do 29 de outubro de 2013 .

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra Ampliación da rede de abastecemento de auga potable en Lubre do Concello de Ares, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2014 co código 14.2101.0303.0, cos datos que a continuación se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total nin cambio do obxecto e da finalidade da obra, si que implica unha alteración do trazado previsto no proxecto inicial.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
14.2101.0303.0	Ares	Ampliación rede abastecemento de auga potable en Lubre	29.386,29 €	8.324,59 €	37.710,88 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

32. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA REPARACIÓN DA BEIRARRÚA DA MARXE DEREITA DA AC-564, DO CONCELLO DA CAPELA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015, CO CÓDIGO 15.2100.0041.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o concello da Capela un proxecto modificado desta obra, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Reparación da beirarrúa da marxe dereita da AC-564” do Concello da Capela, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0041.0, cos datos que se indican, no que malia non darse modificación do seu orzamento total nin cambio da finalidade da obra, si que se dá unha alteración das partidas internas do seu orzamento superior ao 30 % do orzamento de execución material.

			FINANCIAMENTO A PREZOS DE CONTRATA		
Código	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2100.0041.0	A Capela	Reparación da beirarrúa da marxe dereita da AC-564	34.999,99 €	0,00 €	34.999,99 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

33. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA CAMIÑO DA CRUZ ENCARNADA, VILARELLE A VILELA E DE VILELA A FELGUEIRA (A BARQUEIRA) E OUTROS DO CONCELLO DE CERDIDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2105 CO CÓDIGO 15.2100.0055.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Cerdido un proxecto modificado desta obra, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra Camiño de Cruz Encarnada, Vilarelle a Vilela e de Vilela a Felgueira (A Barqueira) e outros do Concello de Cerdido, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0055.0, cos datos que se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total nin cambio da finalidade da obra, si que implica un cambio de trazado con respecto ao proxecto inicialmente aprobado.

			FINANCIAMENTO		
Código	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2100.0055.0	Cerdido	Camiño de Cruz Encarnada, Vilarelle a Vilela e outros	69.469,94 €	0,00 €	69.469,94 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

34. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA UNIÓN (MANIÑOS), DO CONCELLO DE FENE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0077.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan complementario.

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 27 de febreiro de 2015 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Fene que se indica na seguinte táboa:

Concello	Código obra	Denominación da obra	Deputación	Concello	Total	Condicións a realizar
FENE	15.2100.0077.0	MELLORA DO SANEAMENTO R/ UNIÓN (MANIÑOS)	59.041,13 €	0,00 €	59.041,13 €	- autorización de Augas de Galicia da CMATI - autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura

Logo de presentar o Concello de Fene as ditas autorizacións, así como un proxecto modificado con incremento de orzamento desta obra para darlle cumprimento aos condicionantes impostos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 (BOP núm. 177, do 17 de setembro de 2014)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra Mellora do saneamento na rúa Unión (Maniños), do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0077.0 que representa un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Fene, tal e como se indica no seguinte cadro:

Axentes cofinanciadores	Orzamento contrata Proxecto inicial	Orzamento contrata Proxecto modificado	DIFERENZA
Deputación	59.041,13 €	59.041,13 €	0,00 €
Concello	0,00 €	1.989,54 €	1.989,54 €
TOTAL	59.041,13 €	61.030,67 €	1.989,54 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

2. Considerar cumpridas a condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta Deputación de 27 de febreiro de 2015, e aprobala

definitivamente, toda vez que o Concello de Fene presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3. Notificar ese acordo ao Concello de Fene para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no POS 2015.

35. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA AMPLIACIÓN DA REDE DE SUMIDOIROS EN SAN XIÁN DE SALES E OUTRO, DO CONCELLO DE VEDRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2015 CO CÓDIGO 15.2100.0224.0.

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 12 de setembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 177, do 17 de setembro de 2014.

Logo de aprobar o Concello de Vedra un proxecto modificado desta obra con incremento de orzamento, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e a conformidade do representante da empresa adxudicataria da obra.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra Ampliación rede de sumidoiros en San Xián de Sales e outro, do Concello de Vedra, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0224.0, que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto inicial, que é asumido integramente polo Concello de Vedra, tal e como se indica no seguinte cadro:

Proxecto modificado da obra Ampliación rede de sumidoiros en San Xian de Sales e outro Concello de Vedra Código: 2015.2100.0224.0						
Axentes financeiros	CONTRATA Proxecto inicial	CONTRATA Proxecto modificado	DIFERENZA CONTRATA	ADXUDICACIÓN Proxecto inicial	ADXUDICACIÓN Proxecto modificado	DIFERENZA ADXUDICACIÓN
Deputación	58.102,07 €	58.102,07 €	0,00 €	58.102,07 €	58.102,07 €	0,00 €
Concello	39.401,40 €	49.057,79 €	9.656,39 €	3.227,60 €	9.301,47 €	6.073,87 €
TOTAL	97.503,47 €	107.159,86 €	9.656,39 €	61.329,67 €	67.403,54 €	6.073,87 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

36. APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR O MÁSTER EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS SOBRE A UNIÓN EUROPEA 2014-2015

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razón suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei Xeral de Subvencións e 65 e 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de data 24 de setembro de 2015.

2. Aprobar o texto e a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o Máster en Dereito: Especialidade en Estudos sobre a Unión Europea. Edición 2014-2015 cunha achega provincial de 7.500,00 €, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 79,79% sobre un orzamento total de 9.400,00 €, e que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3269/45390 RC nº de operación 220150036744 de data 16/09/2015 (nº de referencia 22015006425)

3. Non tener en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gastos, de conformidade co establecido no art. 176 do Texto Refundido da Lei de facendas locais.

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña, para o cofinanciamento do Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea. Edición 2014-2015

Na Coruña, de de 2015

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña

Doutra, D. Xosé Luis Armesto Barbeito, reitor magnífico da Universidade da Coruña (CIF Q6550005J)

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

O Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga (CIF Q6550005J; en diante, IUEE) da Universidade da Coruña ten como obxectivo favorecer a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e da investigación

científica sobre os aspectos máis útiles da realidade internacional e europea, así como o ensino dos estudos internacionais e europeos, en particular os relativos á Unión Europea.

Este centro docente e investigador obtivo da Unión Europea o recoñecemento de Centro de Excelencia Jean Monnet “Institución e Dereito da UE” (número de referencia 2013-3040/001-001). Os Centros de excelencia artellan a realización de actividades docentes e de difusión científica e social sobre temas da Unión Europea e a súa apertura a outras institucións constitúe un trazo distintivo da súa maneira de actuar.

O IUEE colabora coa Facultade de Dereito da Universidade da Coruña nas actividades do Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea que organiza a devandita facultade. A implantación deste posgrao, de carácter académico-investigador, foi aprobada polo Decreto da Consellaría de Educación núm. 51/2006, do 23 de marzo (DOG núm. 61, do 28 de marzo).

O Centro Europe Direct da Deputación Provincial da Coruña (en diante, Centro ED) é, pola súa banda, un enlace europeo de información que ten por obxectivo pór a información comunitaria a disposición dos concellos da provincia e da cidadanía en xeral, baixo a finalidade de responder as súas expectativas e de achegalos á construción europea, así como facilitar o acceso dos concellos ás diversas fontes de financiamento comunitarias.

Xa que a finalidade común das dúas institucións é a promoción do coñecemento dos temas comunitarios, considérase de especial interese colaborar para poder ofrecer a máis alta calidade docente e especialización práctica nesta materia, polo que as dúas institucións acordan establecer un convenio de colaboración consistente na organización e financiamento de conferencias e/ou obradoiros en colaboración co Centro de Excelencia Jean Monnet -Institucións e Dereito da UE da Universidade da Coruña- do Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea. Edición 2014-2015.

Co obxectivo de desenvolver este interese compartido, consideran conveniente formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

Os obxectivos do convenio son os seguintes:

*Reforzar a excelencia do labor docente e de difusión científica do Centro de Excelencia Jean Monnet-Institucións de Dereito da UE, coa intervención de especialistas de recoñecida competencia en temas técnicos, prácticos e de actualidade sobre o proceso de integración europea.

Para tal finalidade, as dúas partes comprométense a levar a cabo as seguintes actividades:

A) Conferencias e/ou obradoiros

A Deputación Provincial da Coruña concederá unha liña de axuda destinada ao financiamento de conferencias e/ou obradoiros.

A programación será aprobada polo IUEE Salvador de Madariaga, coa conformidade da Deputación Provincial da Coruña, e daráselle finalmente traslado á coordinación do Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea. Edición 2014-2015.

Nestas conferencias e/ou obradoiros intervirán profesores doutras universidades e profesionais de recoñecida competencia, tanto das distintas administracións públicas como de institucións privadas.

Estes especialistas terán a condición de “conferenciantes” e a súa intervención vincularase ás materias propias da Unión Europea.

As conferencias e/ou obradoiros desenvolveranse no marco das actividades do Centro de Excelencia Jean Monnet-Institucións de Dereito da UE.

Na publicidade destas conferencias/obradoiros figurará, xunto aos logos da Universidade da Coruña, do Centro de Excelencia Jean Monnet e do IUEE Salvador de Madariaga, o logo da Deputación Provincial da Coruña.

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS DAS CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

O orzamento subvencionado está constituído polos gastos de desprazamento, axudas de custo e remuneracións dos especialistas que participen nas conferencias e obradoiros sinalados no apartado A) anteriormente citado, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Remuneracións	7.000,00 €
Axudas de custo	900,00 €
Desprazamentos	1.500,00 €
TOTAL	9.400,00 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A) Conferencias e/ou obradoiros

1. A achega da Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento das conferencias e/ou obradoiros será de 7.500,00 €, que supón o 79,79 % do custo da actividade prevista, 9.400,00 € segundo o orzamento subvencionado indicado na cláusula II.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,79 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobramento da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3269/45390, do orzamento xeral para 2015, segundo se indica no apartado B).

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

B) Imputación orzamentaria

1. A imputación orzamentaria é a seguinte:

ANUALIDADE	PARTIDA	OBXECTO	ACHEGA
2015	0111/3269/45390	Achega para o Programa de conferencias/obradoiros do Máster UE (79,79 % do orzamento subvencionado)	7.500,00 €
TOTAL			7.500,00 €

2. Para as anualidades futuras, advérteselle á Universidade da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á Universidade da Coruña o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a Universidade da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A Universidade da Coruña fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación na documentación que derive da execución do Máster.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade da Coruña.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. O pagamento da achega provincial realizarao a Deputación Provincial da Coruña a favor do IUEE Salvador de Madariaga (CIF Q6550005J), da Universidade da Coruña, na conta 0049/0007/23/2612071316 (Banco de Santander), baixo o concepto “Conferencias e obradoiros da Deputación Provincial”, unha vez rematadas as

conferencias e obradoiros aos que se refire o apartado A) da cláusula I, e despois do informe favorable dos servizos administrativos correspondentes, da Deputación Provincial da Coruña, así como da súa Intervención Xeral ao respecto da seguinte documentación:

- a) Certificación clasificada dos gastos realizados, emitida polo órgano xestor competente da Universidade da Coruña, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- b) Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- c) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII.
- d) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e) Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a presentación dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada no apartado anterior e, se transcorresen máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo do interese legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I.A, deberán estar rematadas a lo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6 de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Universidade da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e, despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificado. Coa suscripción do presente convenio, a Universidade da Coruña autoriza a Deputación á obtención telemática das citadas certificacións.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse determinaraa ela de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Universidade da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55 de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades conlevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 € da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade da Coruña seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio estará vixente, con carácter retroactivo, dende o 1 de setembro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público. En todo caso, corresponderalle ao presidente da Deputación á resolución de dúbidas interpretativas exportas.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións, nomeados polo presidente da Deputación e polo da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do dedo 201...

E, en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuaduplicado exemplar na data que se indica na cabeceira.

O presidente da Deputación Provincial O reitor magnífico da Universidade da
da Coruña, Coruña,

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Xosé Luís Armesto Barbeito

37. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE DESAFECCIÓN PARCIAL DO CENTRO CALVO SOTELO E APROBACIÓN INICIAL DE CESIÓN DE USO Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO RESIDENCIA UNIVERSITARIA. APROBACIÓN DO CONVENIO DE CESIÓN DE USO

1. Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio Calvo Sotelo, que se describe nos planos que obran no expediente, cunha superficie a desafectar de 2.212,13 m², que actualmente teñen o carácter de “ben de dominio público-servizo público” que pasará a cualificarse como “patrimonial”, para a súa posterior cesión de uso á Universidade da Coruña.

Baixo: 115,03 m²

Primeiro andar: 1.004,56 m²

Segundo andar: 1.092,54 m²

TOTAL : 2.212,13 m²

2. Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso da citada superficie á Universidade da Coruña, para a súa utilización como residencia universitaria, condicionada a citada cesión á aprobación definitiva do expediente de desafectación e nas condicións que se recollen no convenio a que fai referencia o apartado 4º.

3. Expor ao público o expediente de aprobación inicial do cambio de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio Calvo Sotelo (desafectación) e mais o expediente de cesión de uso, condicionado este último á aprobación definitiva do expediente de desafectación, mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo dun mes, a efectos de que se poidan presentar as reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas.

4. A cesión de uso farase efectiva unha vez que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña aprobe definitivamente o expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio Calvo Sotelo (desafectación) e mais o expediente de cesión de uso.

5. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para a cesión de uso de parte do edificio do Centro Calvo Sotelo para a súa utilización como residencia universitaria, onde se concretan as condicións de cesión e cuxo texto se achega como anexo.

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican a continuación e xurdirá efectos durante o prazo establecido na cláusula oitava. Condicións de eficacia do convenio:

1. Aprobación definitiva do expediente de desafección.
2. A información urbanística favorable do Concello da Coruña.
3. A elaboración, supervisión e aprobación do proxecto técnico da obra.
4. A aprobación pola Universidade da Coruña do estudo de viabilidade económico-financeiro e orzamentario.
5. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

- 6.A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de redacción do proxecto técnico, execución da obra, dirección técnica e coordinación do plan de seguridade e saúde.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A CESIÓN DE USO DE PARTE DO EDIFICIO DO CENTRO CALVO SOTELO PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO RESIDENCIA UNIVERSITARIA

Na Coruña, de de 2015

Reunidos

O Ilmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso

O reitor magnífico da Universidade da Coruña, D. Xose Luís Armesto Barbeito

O alcalde-presidente do Concello da Coruña, Xulio Xosé Ferreiro Baamonde

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas

MANIFESTAN

1.- A cidade da Coruña, para atender as necesidades de aloxamento temporal do estudiantado universitario conta con residencias universitarias privadas, pero estas resultan insuficientes dada a crecente demanda interna de estudantes que cursan os seus estudos universitarios na Coruña e fóra da súa residencia habitual.

2.- De igual modo os programas de mobilidade do estudiantado dentro da Unión Europea acrecentan esta demanda de aloxamento.

3.- Ante esta situación, e ao obxecto de atender a demanda de aloxamento, a Universidade da Coruña ten entre os seus obxectivos a posta en funcionamento dunha residencia universitaria que facilite a estandía de estudiantado que se desprace doutras localidades, tanto de España como do estranxeiro, completando desta maneira a oferta de aloxamento xa existente no campus de Ferrol.

4.- O apartado 3º da disposición adicional 5ª da Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro, dispón que as universidades poderán crear ou adscribir residencias universitarias.

5.- O Estatuto do Estudiante Universitario aprobado por Real Decreto 1791/2010 de 30 de decembro (BOE nº 318 de 31 de decembro de 2010), establece no seu artigo 66.1 que as universidades facilitarán na medida das súas posibilidades o aloxamento en condicións de dignidade e suficiencia do seu estudiantado, nos termos que establezan os seus estatutos. Para ese efecto poderán dispor de colexios maiores propios ou adscritos, mediante convenio con entidades públicas ou privadas, e doutras residencias para o estudiantado universitario.

6.- A Deputación da Coruña considera necesario colaborar coa Universidade da Coruña para o logro destes obxectivos, e neste sentido dispón de espazo no Centro

Calvo Sotelo, sito en rúa Archer Milton Hungtinton, nº 24, e que pode ser idóneo para esta finalidade.

7.- A residencia denominarase “RESIDENCIA UNIVERSITARIA ELVIRA BAO” en homenaxe, recoñecemento e recuperación da memoria histórica desta exemplar mestra galega (1890-1971), nada na Coruña, que foi secretaria da Irmandade da Fala e presidenta da Agrupación Republicana Feminina e que pola súa defensa dos valores democráticos, os dereitos das mulleres, a lingua, a cultura e a identidade de Galicia foi encarcerada e expulsada do ensino público na ditadura.

8.- O Concello da Coruña, titular da competencia urbanística, consonte aos artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 228 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia considera de gran interese que a cidade dispoña dunha residencia universitaria de titularidade e xestión públicas.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas

Cláusulas

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto coordinar as actuacións para a cesión de uso por parte da Deputación da Coruña á Universidade da Coruña, dunha parte do edificio do Centro Calvo Sotelo (ref. catastral 7026001NJ4062N0001JD), sito na rúa Archer Milton Hungtinton, nº 24, cunha superficie estimada de dous mil douscentos doce con trece metros cadrados (2.212,13 m²), afectándolle ao baixo (115,03 m²), e mais aos andares primeiro (1.004,56 m²), e segundo (1.092,54 m²), tal e como se detalla nos catro planos adxuntos, que figuran como engadidos ao presente convenio, para que a Universidade da Coruña a destíne a residencia universitaria pública mediante xestión directa.

Segunda. Adaptación de espazos

A Deputación da Coruña redactará por medio dos seus servizos propios ou mediante servizos externos un proxecto de adaptación dos espazos destinados a residencia universitaria. Os custos de redacción do proxecto serán correrán pola conta da Deputación Provincial da Coruña.

Terceira. Expediente de desafectación e cesión

A Deputación tramitará o correspondente expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do Centro Calvo Sotelo, cualificado no inventario como ben de dominio público e servizo público para que mediante a súa desafectación quede cualificado como ben patrimonial, e simultaneamente a iniciación do expediente de cesión de uso, condicionada á previa desafectación do ben.

As entidades asinantes do presente convenio comprométese, dentro do ámbito das súas competencias, a realizar todas as actuacións necesarias para que o ben obxecto de cesión sexa destinado ao fin proposto.

Cuarta. Financiamento das obras

- 1.- A Deputación provincial da Coruña, unha vez coñecido o orzamento incluído na redacción do proxecto de reforma, financiará as obras obxecto do presente convenio.
- 2.- A achega máxima por todos os conceptos (redacción de proxecto, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e execución das obras) non poderá superar en ningún caso a cantidade de 2.621.000,00 euros (IVE incluído).
- 3.- Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

Quinta. Contratación das obras. Autorizacións e licenzas.

A Deputación, unha vez redactado e supervisado o proxecto conxuntamente cos técnicos da Universidade, e unha vez obtidas as correspondente licenzas e autorizacións, previa aprobación do proxecto, e a existencia de crédito adecuado e suficiente, contratará mediante procedemento aberto e conforme os seus pregos-tipo a execución das obras de reforma do actual edificio Calvo Sotelo.

O Concello da Coruña, no ámbito das súas competencias urbanísticas, incoará e tramitará as actuacións necesarias para incorporar no planeamento municipal o uso urbanístico como residencia universitaria no actual Centro Calvo Sotelo.

Con independencia do anterior, poderase outorgar, no seu caso, licenza municipal para obras e reformas de adaptación no Centro Calvo Sotelo, de conformidade co planeamento actualmente vixente, tal e como se sinala no primeiro parágrafo desta Claúsula.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación Seguridade e saúde

- 1.- A Dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos da Deputación e/ou por medios externos. A Deputación asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven. Así mesmo actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Universidade da Coruña.
- 2.- A Deputación levará a cabo así mesmo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde e asumirá, no seu caso, os gastos que diso se deriven.

Sétima. Acta de Recepción e Acta de Entrega

Notificaráselle á Universidade da Coruña coa debida antelación, a data de formalización da acta de recepción das obras e máis a acta de entrega.

Oitava.- Prazo de cesión de uso

- 1.- A Deputación cede o uso dos espazos por un período de 10 anos computados a partir da data de formalización da acta de entrega.
- 2.- O devandito prazo será prorrogable de forma expresa por outros 5 anos.

Novena.- Gastos de mantemento e funcionamento

- 1.-A Universidade da Coruña asumirá desde a data de formalización da acta de recepción e entrega todos os gastos de mantemento e funcionamento dos espazos destinados a residencia universitaria obxecto da cesión de uso.
- 2.-Así mesmo serán de conta da Universidade os gastos de persoal, de mobiliario e equipamento destinados á residencia, e demais necesarios para o funcionamento desta.

3.-O persoal que se adscriba á devandita residencia non terá ningunha relación laboral coa Deputación.

4.- A Universidade garantirá a sustentabilidade económica e financeira, así como a viabilidade da prestación do servizo

Décima. Conservación dos espazos cedidos

1.-A Universidade velará polo bo estado de conservación dos espazos cedidos, facendo un uso adecuado destes.

2.-Calquera obra que se precise realizar nos espazos cedidos, deberáselle comunicar con carácter previo á Deputación a efectos da súa aprobación.

Decimoprimer. Causas de reversión

Será causa de especial de reversión que a Universidade da Coruña deixe de destinar os espazos cedidos a residencia universitaria. Neste suposto os bens cedidos en uso reverterán automaticamente á Deputación e correrán pola conta da Universidade da Coruña os gastos que diso se deriven.

Decimosegunda.-Comisión de seguimento.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por seis vogais, a razón de dous membros por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación, o reitor da Universidade e o alcalde do Concello da Coruña respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

Décimo terceira.- Vixencia do convenio

1.- O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican de seguido e xurdirá efectos durante o prazo establecido na cláusula oitava.

Condicións de eficacia do convenio:

1.- Aprobación definitiva do expediente de desafección.

2.- En relación co uso de residencia universitaria, a aprobación definitiva do planeamento municipal que ampare o dito uso .

3.- A elaboración, supervisión e aprobación do Proxecto técnico da obra.

4.- A aprobación pola UDC do estudo de viabilidade económico-financeiro e orzamentario.

5.- A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

6.- A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de redacción do proxecto técnico, execución da obra, dirección técnica e coordinación do plan de seguridade e saúde.

Décimo cuarta.- Natureza e xurisdición competente

1.O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, previo informe da Comisión de Seguimento prevista na cláusula decimosegunda, aplicaráselle os principios recolleitos no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

2.- Para os efectos urbanísticos, para a viabilidade do estipulado en relación co uso de residencia universitaria, este Convenio ten a natureza de Convenio de Planeamento, dos definidos no art. 235 da Lei 9/2002, LOUG.

3. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Así din e asinan, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento”

O Presidente da Deputación Provincial
da Coruña

O Reitor da Universidade da Coruña

Asdo: Valentín González Formoso

Asdo : Xosé Luís Armesto Barbeito

O Alcalde do Concello da Coruña

Xulio Ferreiro Baamonde”

38. INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31/08/2015 E PROXECCIÓN A 31/12/2015

1. Tomar coñecemento da información sobre o estado da xestión orzamentaria a data do 31 de agosto de 2015, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención provincial.
2. Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.
3. Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, agás en circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do fondo de continxencia dotado para o exercicio.
4. Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.
5. Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria a data do 31/07/2015 e da proxección a data do 31/12/2015.

39. INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO

1. Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de agosto de 2015.
2. Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.

40. DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2016

Tomar coñecemento da resolución da Presidencia núm. 21102, do 28/09/2015, pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio 2016.

41. DAR CONTA DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO RESPECTO DOS EXPEDIENTES AOS QUE SE REFIRE A MOCIÓN PRESENTADA POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO PLENO DO 31 DE OUTUBRO DE 2014

1. Tomar coñecemento do informe-resumo de auditoría sobre os contratos formalizados e as subvencións outorgadas con empresas e entidades non lucrativas citadas nas dilixencias previas que se instrúen no Xulgado de Instrución nº 6 da Coruña (proc. abreviado 0006150/2011-A2, “Operación Zeta”).

2.- Unha vez rematadas as actuacións e emitidos e notificados todos os informes definitivos, serán postos a disposición do Xulgado de Instrución nº 6 para que, de o estimar procedente, poidan ser incorporados ás dilixencias previas do procedemento abreviado con núm. 0006150/2011-A2.

42. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 4/2015 E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

Despois de examinar o expediente e mais a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 4/2015 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 36.341.184,00 € e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 33.099.300,00 €
SC. Suplemento créditos: 3.241.884,36 €
Total de aumentos: 36.341.184,00 €

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 34.220.184,00 €
Baixas por anulación: 2.121.000,00 €
Total financiamento: 36.341.184,00 €

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1) Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	207.684,00 €	0,00 €
2. Gastos correntes	91.000,00 €	0,00 €
3. Gastos financeiros	0,00 €	0,00 €
4. Trans. correntes	726.300,00 €	0,00 €
5. Fondo continx. e o. i.	0,00 €	2.121.000,00 €
6. Investimentos reais	2.149.000,00 €	0,00 €
7. Trans. de capital	33.167.200,00 €	0,00 €
8. Activos financeiros	0,00 €	0,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €
TOTAL	36.341.184,00 €	2.121.000,00 €

B.2) Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00 €
2. Impostos indirectos	0,00 €
3. Taxas e outros ingresos	0,00 €
4. Transferencias correntes	0,00 €
5. Ingresos patrimoniais	0,00 €
6. Alleamento investimentos reais	0,00 €
7. Transferencias de capital	0,00 €
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	34.220.184,00 €
9. Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL MODIFICACIÓN	34.220.184,00 €

2. Aprobar igualmente a modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2015 co obxecto de engadir a BASE 63ª "asignación aos grupos políticos provinciais".

3. Dispor a exposición ao público polo prazo de quince días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4. O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real Decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitiráselle copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e nos artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan Económico-Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.